A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 175 DO 5 AO 11 DE FEBREIRO DO 1982 50 PTA.

VIDA E MILAGRES DA XUNTA

NEPOTISMO, INEFICACIA, OBSCURANTISMO...



O ex-alcalde Domingo Merino denúncia posíbel falsificación de documento publico

As últimas lontras

Eleicións en Andalucía

Os sondeos danlle a vitória ao PSOE

NACIONAL

hemeroteca

EL PAIS

28-I-82

A BIPOLARIDADE E O SEU RISCO

Non deixa de ser solprendente, e poida que até irritante para os aliados europeos, que Estados Unidos teña conversado tan longamente coa Unión Soviética —Alexander Haig e Andrei Gromiko, en Xenevra— no médio dunha tronada de sancións e de fustigamentos; e até utilizando un subterfúxio cuase infantil, como o de reducir o encontro a un só dia, pero alongando ese único encontro a oito horas de conversa. A irritación non pode obedecer, naturalmente, ao feito en si da negociación —calquera contacto directo é positivo para a paz e a estabilidade internacionais—, senón a diferéncia de medidas entre o que Estados Unidos esixe aos seus aliados e máis o que se permite a si mesmo. Esa sensación xa se produceu cando Ronald Reagan atacou a cuestuón do gasoduto de Sibéria e, en cámbio, non anulou nen reduceu as suas exportacións de grao, cousa que teria producido a irritación dos seus agricultores e un certo desequilíbrio na economia americana. A entrevista dos dous ministros de Asuntos Exteriores fai medrar os temores de que o regreso á política de bloques sexa conducido bilateralmente e sen mediación das partes interesadas. Probabelmente unha cousa asi sexa reflexo da situación real; pero hai anos que se está loitando por cambiar esa situación por outra máis rica, máis abondante en posibilidades. Quizais haxa unha resposta desa irritación europea cando o dia 9 de febreiro se celebre o **"Cúmio"** occidental en Madrid, que indubidabelmente ten que repercutir na Conferéncia sobre Seguridade e Cóperación en Europa (CSCE), conferéncia seriamente ameazada pola bipolarización, e disminuída no seu propósito inicial de que todas as nacións de Europa teñan voz e voto en cuestións que atinxen gravemente ao seu próprio espácio.

Non é o máis pequeno dos temores o de que certas conversas entre Haig e máis Gromiko, ou outros condutos abertos ou secretos, leven a un certo intercámbio de valores. Dito doutro xeito: o canxe dunhas **"mans libres"** en Polónia para a URSS polo dunhas **"mans libres"** de Estados Unidos do Caribe, zona que aparece na nomenclatura de pontos conflitivos que fixo Haig na sua breve referéncia pública do tratado, engadindo que **"se divisaban algunhas solucións"**. Que este pacto ou princípio de entendemento, ou complicidade, se desenrolase no médio dunha tormenta verbal que cada unha das dúas poténcias escenificaria para os seus aliados entra dentro do posíbel. O ponto de vista de Europa difire notabelmente do de Estados Unidos naqueles temas que fan referéncia á moral das opinións públicas: básase nunha defensa dos valores de libertade ali onde se atopen oprimidos, sexa Polónia ou sexa Turquia, sexa Afganistán ou El Salvador.

(...)

Encrucillada

Revista galega de pensamento cristián

n.º 25, p.50

Están aparecendo nos derradeiros tempos alguns intentos sérios de sistematización do feito nacionalista. En Europa as investigacións van sendo máis e máis frecuentes; e temos que celebralo porque marca un fito non só científico senón tamén político. O concepto "nacionalismo" xorde precisamente no noso continente, no século XVIII, pero daquela a realidade designada tiña como marco de referéncia unha situación sociopolítica que non cadra coa que os novos investigadores tratan de descreber agora. Quizais o uso do concepto "nacionalismo", que se ve a miudo empregado por certos pensadores, estaria máis acorde coa nova intencionalidade, pero non engadiria máis claridade e si confusión a un terreo que xa en por si é complexo. E importante resaltar, porén, a dificultade dos estúdios sobre o nacionalismo eurpeo nos nosos dias, polo que ten de indicio, de crítica e de análise da situación contemporánea europea.

O estjdio de R. Petrella témolo que situar nesta dimensión, se queremos facer bon uso del. E un traballo sen grandes pretensión nen complexidades, apto para moi diversos leitores. Ben traducido ao galego, faria un libro de texto moi útil nas nosas escolas. Mais que dunha investigación sociolóxica de corte profesional (o autor exerce de sociólogo nas Comunidades Europeas), tratase dunha meditación persoal, ben estruturada e refrendada por uns dados básicos, por outra parte difíceis de conseguir, como toda información relativa ás "Nación sen Estado".

O seu ponto de arrinque está ben claro:

"Mais que investigar a unidade cultural europea, é máis importante tratar de comprender como se desenrolaron as diferéncias e as relacións desiguais entre rexións; en función de mecanismos os Estados-nacións se constituíron para lle daren a Europa a história que coñecemos, e porque se asiste a esta explosión no seo dos Estados-nacións entre a periféria e o centro (páx. 39)".

A todas estas cuestións Petrella trata de lles dar unha breve pero clara resposta. O dado básico do que arrinca a investigación é a crise de lexitimación pola que están pasando os Estados-nacións nestes intres.

"A sua soberania, independéncia, e a sua unidade e indivisibilidade están sometidas a dura proba. En moitos casos non son mas que palabras valdeiras de significado real". (pax. 15)

Coa perda da lexitimidade dos Estados-nacións, a história oficial perde efectividade, e a falsedade das supostas descripcións "obxectivas" queda manifesta...

Petrella pasa revista a cada unha das histórias concretas dos pobos condenados a viviren "sen história"... Da sua descripción concluímos que o sentimento de frustración que hoxe viven as nacionalidades históricas no seo dos "Estados-nacións europeos, é consecuéncia e prolongación dunha situación multisecular que, movida a través de múltiples factores económicos, políticos, sociais, xeográficos etc., xenerou o desenrolo desigual da periféria e do centro.

Europa ten várias histórias, como ten vários modelos de convivéncia.

XOAN GONZALEZ MILLAN

(Petrella Ricardo, La Renaissance des Cultures regionales en Europe, ed. Entente.)

sabeliña

XOSE LOIS

A NOSA TERRA

prensa galega... en galego.



Suscrición anual: 2.500 pta. Semestral: 1.250 pta./Europa: 3.000 pta./Arxentina: 3.700 pta. /USA, Canadá: 4.000 pta./Latinoamérica e Africa: 4.500 pta. anuais.
Rua Doutor Cadaval, 21, 2o, oficina 11. Teléfono (986) 22 24 05. Apartado de Correos 1371. VIGO.

Dous mil veciños sen luz

As escuras razóns dos monopólios

Duas mamparas con tres focos xiratórios, estilo discoteca, colgan a cada lado dun gran ventilador que está pendurado no médio do salón. As mesas, repletas de xente, están presididas por unha gran vela roxa...
Non lles estamos mostrando o ambiente de nengunha película de risa, nen parecido. Tampouco relaando o comezo dun capítulo de calquera novela mala. A imaxe narrada anteriormente pódea contemplar a cotio nun bar de A Barrela, só que os focos non alumean, o ventilador non anda, son as velas as que rompen as tebras para que a xente poda atinar co prato: non hai electricidade, e os habituais xa están afeitos, cando menos pensan marcha e, secadra, tarda horas, ou dias, en voltar.
A situación das aldeas é moito peor aínda.
Por detrás, duas empresas: Eléctrica de Carballedo e FENOSA. O poder dun monopólio contra unha empresa familiar. Quen pagan son os abonados.

C. Tenório

Máis de dous mil abonados eléctricos dos concellos de Chantada e Carballedo poden quedar sen fluído eléctrico. Asi o anunciou FENOSA aos respectivos Axuntamentos.

A causa é o impago de cerca de oito millóns por parte da empresa suministradora, Eléctrica de Carballedo, a Fenosa, polo que esta lle vai cortar o suministro eléctrico que lle está a vender e que se remonta a douscentos mil quilowatios hora cada mes.

Sen estes Qw.h, estes dous mil abonados entre os que se atopan numerosas indústrias pequenas, granxas de distintos tipos, sendo as máis perxudicadas as de polos, etc, verian como as suas bombillas, os seus electrodomésticos, as suas munxidoras, até o seu televisor, non lles valerian para nada.

NON IA SER UNHA GRAN ESTRAÑEZA

Pero a estrañeza non ia ser mui grande: xa están afeitos. Cando menos pensan, sobre todo no inverno que é cando máis falta fai, quedan a escuras. Os motivos poden ser múltiples. Unhas poucas veces son *"os plomos"* de añgun trasformador que se funden por un golpe de corriente demasiado forte; outras unha rama que rompe un cable da condución; algunhas un transformador que se queima xa que non pode trasformar tanta potencia, polo que os dias de estar ás escuras poden ser tres ou catro, cun pouco de sorte.

As máis *"só hai un verme de luz"* que mal deixa ver para poder atinar co tenedor a boca. Nen os electrodomésticos funcionan, nen o televexo, que fai compañia, aínda que sexa má. Cando mellor anda a cousa un veciño ten que esperar que acabe de munxir o outro as vacas coa máquina para empezar el. Para facelo os dous simultaneamente non hai poténcia.

POR DETRAS ESTA FENOSA

Segundo as afirmacións dos abonados, sempre coincidentes, *"por detrás de todo está FENOSA que unhas veces manda moi pouca electricidade e outras veces un golpe dela, co que se funden os plomos, quedando sen luz até que os vaian arranxar"*.

Din que agora o dono de E.C. lle pon uns *"plomos moi pequenos, sobre todo ao transformador principal, ao da Barrela, para que se fundan máis facilmente, polo que se queda ali toda a noite gardando"*.

Segundo a xente todo isto ven dado por que FENOSA lle manda a luz a golpes para queimarlle os transformadores, máis de média ducia o ano pasado, coa intención de fundir a empresa e obrigarlle a vendela.

O CALAR DO MEDO

O dono de Eléctrica de Carballedo cala.

Non di nada cando os abonados protestan polo mal servício e lle chaman cantas hai, polo que alguns lle puxeron *"cara de pau"*, e tampouco di nada cando nós lle inquerimos pola verdade dos comentários da xente.

"Eu non podo dicer nada disto, comprendes; nen siquera poñas o meu nome".

O que si afirma é que non hai nada da compra de Eléctrica de Carballedo por parte de FENOSA, aínda que segundo as nosas informacións os tratos están moi adiantados e xa os técnicos do oligopólio estuveron inspeccionando todos os tendidos e instalacións. Segundo alguns, esta medida de cortarlle o suministro iria encamiñada a obrigalo a vender xa dunha vez, contando, ademais, coa presión dos abonados.

E.C. afirma que o problema do impago que aduce FENOSA é moi pequeno e *"se lle debemos algo débese a que tamén nos deben a nós os pequenos empresários que, como todo o mundo, andan mal de cartos"*.

A débeda será certa, agora ben, a E.C. non lle debe ir tan mal a cousa cando o seu dono construiu numerosas granxas.

UNHA PEQUENA HISTORIA

Eléctrica de Carballedo é unha das pioneiras dentro do campo da electricidade galega. Nacendo alá cando a Eléctrica Gallega, cando FENOSA aínda non fixera nengunha das suas. Agora conta con sesenta quilómetros de liña de alta tensión e con cerca de dous mil abonados.

Agás os douscentos mil quilowátios-hora que lle merca a FENOSA, que, segundo din, non lle quere vender máis, E.C. ten un embalse, no Rio Búval, que leva o mesmo nome e que produce cen quilowátios hora. Pero a sua verdadeira capacidade produtora é moito máis grande, só hai que facer uns pequenos arranxos, xa que agora o salto é aínda natural, existindo só un pequeno encoro como se para un muiño se tratase.

Tamén entran nos plans da empresa, ademais da ampliación do embalse, o diferenciar as redes de corriente, a que ven de FENOSA por un lado e a de produción própria por outro, para que asi non existan *"tantos erros"*.

En suma, unha loita máis de FENOSA por convertirse en dona e señora, máis aínda, ¿será posíbel?, do mercado eléctrico galego.

O mao é, non sei cómo se arranxa, que sempre sae perxudicado o povo en cada operación que fai. Recordemos senón o caso de Electro del Jallas. Parece que é algo consustancial á empresa. ¿Parece, ou é?.

Cousas dos monopólios.

ALFONSO EYRE

Naseiros e gameleiros

Un problema artificial

Un novo –pequeno– ponto de tensión na vida mariñeira creouse, pouco menos que artificialmente, entre a Guárdia e outros povos da ria de Vigo (Cangas, Moaña...) por culpa da utilización por parte de mariñeiros destes últimos povos das chamadas *"nasas fanequeiras"*.

Estas nasas, en si mesmas legais, topan coa oposición dos guardeses polo uso, din, ilegal, que delas fan os das outras vilas. En princípio, este asunto, non pasa de ser outro episódio máis dos moitos que hai de enfrentamentos por culpa da arte usada nos distintos portos, sen entrar na maldade ou bondade da arte.

O porto da Guárdia. Cadilla

A mediados de xaneiro aparecian na prensa viguesa as acusacións dos guardeses, que non usaron a via da Cofradia para o caso, sobor do mal uso, e abuso, que os barcos de nasas fanequeiras facian do mar entre Pedra Rúbia e Cabo Silleiro, e aínda máis ao sul, xa perto do Miño.

De contado contestaron as Cofradias de Bueu, Moaña e Cangas, apoiados por alguns armadores de Redondela acusando aos miñotos de intentar quedarse coas praias para uso exclusivo dos volanteiros daquel porto.

GAMELAS E LIÑAS

Na Guárdia hai 200 gamelas que se adican á pesca da faneca –e outras espécies que piquen– con *"palangrillos"*, das cales somente 80 son fixas todo o ano. Cada gamela leva dous homes a bordo e todas teñen motor foraborda. Aparte disto, hai dez palangreiros, 52 volanteiros no banco Canário-sahariano, cinco, perto da ria de Vigo, 21 trasmalleiros no banco africano citado e 4 nas costas portuguesas.....

As gamelas son a parte máis afectada neste conflito que agora se está a dar, e mesmo na Guárdia xa usaron desas nasas pero desbotaron o seu uso por considerar que queimaban en demasia o mar que traballaban, porque, como nos dicia o Patrón Maior, Xesus Rodríguez Castro, *"peixe que entra, con malla tan chouza, peixe que morre"*.

O mar de fóra da ria xa está bastante esquimado, por efecto da actuación dos bous e bakas portuguesas, que chegaron coas suas redes de arrastre a tres millas do peirán guardés e polo traballo constante de betas, nasas, palangres e volantas. Sen ir máis lonxe, o ano pasado tivo que saír o axudante de Marina para tres que estaban enriba dos peiráns.

OS NASEIROS

A nasa fanequeira veu importada de Portugal e comezaron a empregala os mariñeiros guardeses, para logo pasar a Aguiño e Ribeira. Máis tarde pasou a Bueu, Cangas e Moaña e aínda non pasou, que se saiba, de Fisterra para o Norde. Tamen hai naseiros desta caste en Baiona e Chapela.

Recentemente, un naseiro moañés declaraba que a malla, despois de moito facer variacións sobre legalidade e necesidade, deberia ser máis chouza da legal e que *"habia que vixiar a que usan os gameleiros"*. En princípio o enfrentamento, artificial como xa ficou claro, tórcese por vieiros diferentes, xa que o que empregan os gameleiros, en xeral, é palangrillo.

O mariñeiro de Moaña rematába pedindo un estudo sobor das volantas para saber o que fan. O estudo xa está feito e publicado e dá como resultado que os peixes que enmallan nelas son os de maior tamaño de todas as artes selectivas e por descontado, das de enmalle.

NON HAI VACIO LEGAL

Do conflito creado podíase pensar que hai un vacio legal e que mesmo non está reglamentado o emprego da nasa fanequeira. Nada máis lonxe da realidade.

En principio, e legalmente, a nasa está aprobada en plan experimental, segundo fontes de CCMM. Con elas non se pode traballar dentro das rias.

Os fondos mínimos a que teñen que ser largadas as nasas son de cuarenta metros, de forma que nunca hai perigo de non topar peixe, xa que segundo os biólogos onde máis faneca hai é por baixo dos cen metros de fondo e, naturalmente, nas pedras e baixos.

As medidas son de 120 centímetros de diámetro por 70 de alto e a malla mínima é de 50 mm. de luz. As nasas non poden ficar de noite largadas, e teñen que estar recollidas, pois, na noitiña.

Segundo Tito Ucha, de Comisións Mariñeiras, este é un caso máis onde se ve a necesidade urxente da regulación de pesquerias.

A DIMENSION REAL

Como nos didia o biólogo Uxio Labarta, do Instituto de Investigacións Pesqueiras, o caso haberia que enfocalo polo estudo do esforzo pesqueiro e examinar as pescatas de nasas e palangres para chegar a un estudo do esforzo que racionalizara a pesqueria. En princípio o problema non está, pois, no tamaño das nasas, senón que é ún conflito de tecnoloxias diferentes á pesca de mesma espécie.

Por outra banda, o mesmo biólogo aseguraba que, de levar o tamaño legal as mallas e vistas as suas próprias experiéncias, o peixe que fica dentro é grande e, se está moito tempo a nasa no mar non morre a faneca mentras dentro haxa carnada que comer.

Nas conclusións hai que suliñar, unha vez máis, como a escasez de peixe e os précios baixos levan á loita entre mariñeiros cando o seu nemigo común, a Administración que non regula artes nen vedas, nen comércio, nen protexe ás clases mariñeiras, deixa que pelexen entre eles mentras non fan nada desde os seus despachos. Cariño, Muxia, Cedeira, Fisterra, Muros... e agora A Guárdia e o Morrazo non son máis que maos enfoques do problema pesqueiro. Non hai, en princípio artes perigosas para as espécies. Si hai mariñeiros perigosos e moita necesidade.

A UNED da Coruña, totalmente abandonada

O Centro asociado á Universidade Nacional de Educación a Distancia (U.N.E.D.), na Coruña vive sérias deficiéncias docentes por falta de diñeiro para contratar aos profesores que se precisan. A estrutura peculiar dos centros deste tipo e a *"fóbia"* do ex-conselleiro de Cultura e Educación, Alexandrino Fernández Barreiro, cara o centro coruñés, asi como as diferéncias políticas dentro da UCD, non permiten que este problema se resolva. Incluso o señor Alexandrino afirmou xa hai tempo –e recolleu nun escrito– que non lle importaba a decisión que tomaran os alumnos polas deficiéncias existentes, nen os desordes que poidan resultar desta situación.

Os alumnos do centro asociado á UNED da Coruña, na sua maioria xente que traballa, están vendo como os problemas desde hai dous anos agudizáronse e naide dá a cara para resolvelos. O número de alumnos medrou e as especialidades aumentaron, pois hai que lembrar que o centro da Coruña foi creado no 1976. O funcionamento "sui generis" distes centros conleva que, nos casos nos que non existe unha fundación patrocinadora, os profesores sexan do Centro Enseñanzas Integradas –antígua Universidade Laboral– e que non haxa diñeiro para contratar novos profesores, pois a sede central non concede nengunha asignación para impartir clases. E asi que, cando os centros contan con bastantes docentes e coa especialización dos últimos cursos das carreiras, o profesorado escasea. E este problema teno precisamente o centro da Coruña desde hai dous cursos.

As intencións por solucionar as irregularidades nas asignaturas que non se impartian o curso pasado permitiron contratar tres profesores, mais ao final a UNED non lles pagou. Por isto, no presente curso desbotouse a contrata directa de ensinantes polo director do Centro de Enseñanzas Integradas da Coruña para evitar a repetición dos impagos. Pero, aí entraron as diferéncias políticas da UCD –e moitas outras cousas–, e non se chegou a facer nada. As tensións entre os centros da Coruña e o de Pontevedra saíron a relucir e ninguén se decidiu a poñer o diñeiro.

CARTOS DA CORUÑA PARA PONTEVEDRA

As entidades coruñesas que foron visitadas para aportaran algun carto ao fin de xuntar o millón de pesetas que os directivos do centro estiman que se necesita para normalizar o seu funcionamento non respostaron ou fixérono en senso negativo en base a que axudan ao centro da UNED en Pontevedra. Pero, segundo se nos informou, debeuse máis á presión de Alexandrino Fernández Barreiro, quen consigueu que todos os entes apoien o centro pontevedrés. O señor Alexandrino foi fortemente criticado polos alumnos e profesores do centro coruñés nunha roda de prensa da que se fixeron eco os xornais locais. Nestes asegurábase que Alexandrino escrebeu unha carta ao director do centro coruñés hai uns anos, cando este comezaba a ampliar as especialidades que se impartian, na que viña dicer que estaba disposto a todo con tal de que o centro coruñés non seguise adiante. Asimesmo asegurou estar disposto a impedir que os alumnos da Coruña poidesen estudar no centro pontevedrés.

O poder de Alexandrino foi en aumento e controlou e acaparou a case totalidade das axudas a UNED. E o teito considerado máis grave polos alumnos radica en que incluso a Diputación coruñesa concede un millón de pesetas ao centro pontevedrés, e nada ao coruñés. ¡Cousas da vida!. De igual xeito a fundación "Barrié" axuda ao centro pontevedrés e aos directores do da Coruña respostoulles que xa axudaban á Universidade a Distáncia de Pontevedra. Pero, no fondo, o que quedou claro é o nefasto sistema de financiación que ten a universidade a distáncia.

O máis grave –ou mellor dito, outra cousa terríbel– é que o centro de Pontevedra quere pasar por centro "rexional", cando non existe esta calificación na Universidade a Distáncia. Segundo os profesores e alumnos, os centros coruñés e pontevedrés teñen a mesma calificación e gozan das mesmas atribucións ante a sede central de UNED. Pero, segundo aseguraron, ao señor Alexandrino Fernández Barreiro sempre lle gostou fortalecer o centro pontevedrés e convertilo no único de Galiza onde se poide estudar a distáncia.

OS EXAMES

Os alumnos do centro asociado á UNED da Coruña este ano, nun bon número, concurrirán aos exames en desventaxa cos do resto do estado. Aínda que as probas parciais e finais son iguais e á mesma hora para todos os matriculados

(Pasa á páx. seguinte)

Pola concesión da licéncia de apertura da 3.a fase da Refinería

O ex-alcalde Domingo Merino denúncia posíbel falsificación de documento público

Ven de ser concedida a licéncia de apertura da terceira fase da refinaria da empresa Petrolíber S.A. Deica agora todos os informes técnicos eran contrários a esta ampliación cuxas obras foron realizadas dun xeito ilegal, ao menos en parte. No pleno municipal celebrado o pasado dia vintenove, os concellais do PSG presentaron un escrito no que denúncian irregularidades na concesión desta licéncia. Algunhas voces comezan a erguerse contra o perigo que pode supor para os núcleos de povoación colindantes, esta planta de coque e a degradación do ambiente e da calidade da vida que el e as suas consecuéncias poden ocasionar na Coruña.



O edifício do Axuntamento, na Praza de Maria Pita. Foto: Arquivo

O pasado dia vintenove celebrouse no axuntamento da cidade herculina un pleno moi movido no que houbo berros, abucheos, pancartas exibidas por máis dun cento de veciños que se presentaron no edifício do axuntamento, cáseque todos eles procedentes da zona de Palavea. O motivo da sua asisténcia era que ali se ia discutir se nese bárrio vai ser construido ou non o nó de comunicacións para que a Autopista entre na cidade da Coruña. Despois de várias horas de discusión e de que o Bloque presentara unha proposta para que a autopista non entre na cidade, decidiuse a proposta de Esquerda Galega, pasar o tema á Comisión de Urbanismo para que esta o estudo contando coa participación de representantes da Asociación de Veciños de Palavea.

Pero ademais deste asunto, no que sigue a manifestarse o enfrentamento entre os grupos que apoian ao actual goberno e mais os que se puxeron da banda do ex-alcalde, saeu á luz, mediante escrito presentado polo PSG, todo o que está detrás da concesión de licéncia de apertura da terceira fase da Refineria que a empresa Enpetrol ten no polígono industrial da cidade.

Nunha recente xuntanza da Comisión Permanente Municipal coruñesa ven de ser concedida a licéncia de apertura da terceira fase dá refineria con dous únicos votos en contra; os dos representantes do Bloque e máis Esquerda Galega. Esta fase de ampliación tiña despertado unha considerábel oposición por parte das asociacións de veciños de Meicende e Bens, moi apagada ultimamente, entre outras cousas, porque a posta en marcha desta nova fase parecia estar paralizada desde hai máis dun ano.

DE INFORMES DESFAVORABEIS A INFORMES FAVORABEIS, DUN ANO PARA OUTRO

Na xuntanza dunha Comisión Especial celebrada o 12 de Xaneiro do ano pasado, sendo aínda alcalde o socialista Domingo Merino, acordárase non concederlle licéncia á empresa Enpetrol para que construira a terceira fase da refineria por coidar que, tanto ambiental como económica e urbanisticamente era perxudicial para a cidade esta ampliación. Nesta Comisión Especial estaban presentes os representantes de todos os grupos políticos dos axuntamentos, e a ampliación fóralle denegada debido a que todos os informes técnicos eran desfavorábeis.

Apesar, disto a empresa seguia a efectuar obras na sua factoria, de xeito ilegal e sen licéncia, polo que daquela o alcalde os metera no xulgado e lles mandara ali á policia municipal co fin de paralizar unhas obras non legalizadas. Do expediente que por esta causa se abrira daquela, non se voltou saber nada.

Na segunda quincena do pasado mes de Xaneiro reuníase a Comisión de Seguimento do Plan de Urbanismo onde se retomou a discusión sobor do tema. O ex-alcalde, Domingo Merino asegura que aquela xuntanza se celebrou nunha sá diferente da que estaba anunciada e que, despois de andar buscando por todo o axuntamento aos reunidos, os topou no despacho dos arquitectos; cando chegou, comunicáronlle que o ponto do orden do dia no que se ia discutir se concederlle ou non a licéncia de apertura á terceira fase da Refineria "estaba xa dictaminado".

Nesta xuntanza, os representantes de UCD, AP, PSOE e PCG terian decidido concederlle *"políticamente"* a licéncia. Logo, na reunión da Comisión permanente na que se decideu conceder finalmente a licéncia, esgrimeuse como argumento o acordo na xuntanza da Comisión Especial á que máis arriba nos referiamos.

Agora, Domingo Merino denúncia a posíbel existéncia de falsedade en documento público xa que os informes manexados naquela xuntanza eran todos desfavorábeis á concesión da licéncia e non se explica *"como pode agora ter cambiado os informes se a situación segue sendo a mesma"*.

OFERTAS DE MILLONS E POSIBEIS PACTOS EN MADRID

Pero ademais da entrada en funcionamento desta planta de coque, a ampliación da refineria traerá consigo a construción dun oleoduto que vai atravesar a cidade da Coruña para chegar ao porto. Para a construción deste viaduto tamén lle foi concedida a licéncia a Petrolíber S.A. na mesma Permanente do dia vinteseis.

Cando Domingo Merino era alcalde, fora visitado polo Director Xeral da Empresa quen lle ofrecera sesenta millóns de pesetas para o axuntamento en conceito de pago polos perxuícios que a posta en funcionamento da planta de coque e máis o viaduto causaban á povoación da Coruña. O daquela alcalde, respostáralle ao alto representante empresarial que o mal que esta ampliación e a entrada en funcionamento de todo o que conlevaba, ia facer á cidade, non se pagaba nen con catrocentos millóns, a isto o Director de Petrolíber respostáralle *"Bájenos un poco el listón, señor alcalde"*.

Pouco despois, comezaban os problemas desde dentro da coalición que apoiaba a Merino e tamén as presións desde fóra, o que fixo que dimitira Merino no início da primavera. Agora foi concedida a licéncia de apertura da ampliación da refineria e o viaduto vai ser construído sen que se saiba que a empresa fixera efectiva nengunha contrapartida cando hai uns meses ela mesma recoñecia o nocivo das suas actividades e estaba disposta a indeminizar ao axuntamento coruñés a cámbio de que llas deixara desenrolar.

O ex-alcalde pregúntase onde van os millóns se é que hai pactos e, de non habelos, denúncia á actual adeministración municipal por non defender os intereses dos veciños.

L. L.

(Ven da páx. anterior)

neste tipo de ensino, moitos dos alumnos do centro coruñés —ao menos en máis de dez asignaturas— non tiveron nengun contacto co profesor tutor, nen houbo naide que lles correxirse os exames orientativos que periodicamente fan.

En febreiro teñen lugar todos os anos as primeiras probas parciais liberatórias, pero este ano poucos esperan afrontalas con preparación dabondo. Pascual Sempere, director do centro coruñés amosou a sua preocupación por esta situación, aínda que asegurou que el non pode facer nada se non se lle dá diñeiro. Considerou que a solución ideal estaria en que o Ministério asignase máis presupostos aos centros asociados á UNED que non están financiados por un patronato. Neste caso, o Ministério de Educación asignaria todos os cartos suficientes e non haberia nengun problema para o desenvolvimento normal das actividades.

Os alumnos e profesores, a fin de darlle unha solución de modo inmediato ao problema, tamén pensaron na posibilidade da creación dun patronato formado por entidades coruñesas que cubririan os gastos que acarree o centro durante este curso. Logo, se o patronato era considerado necesário, a financiación parcial seguiria correndo por conta deste ente. Os promotores da idea verian con bons ollos a participación na sua constitución da Diputación, —que até agora se desentendeu de todo—, Axuntamento, Caixa, etc.

Este ano, polo que se ve, parece que os alumnos levarán a peor parte e que non se solucionará o problema. Os alumnos, que nun primeiro momento aseguraron estar dispostos a tomar todo tipo de medidas pertinentes, atópanse neste momento máis calmados e tentan esgotar todas as canles de diálogo. A sua condición de estudantes a distáncia impídelles a posibilidade de plantexar unha folga ou movilizacións. Pero, de todos xeitos, se a situación non cámbia, están dispostos a tomar drásticas medidas para que o ano que ven a situación non se volte repetir.

M.B

Temas da nosa terra

Nacionalismo e sinais de cámbio

O nacionalismo de clase pensamos que no seu desenvolvimento está en función de vários factores; da experiéncia histórica asimilada e acumulada, das condicións típicas de cada país e das mutacións da conciéncia dos proletariados nacionais.

Asi, en Galiza, a existéncia de partidos que madureceron nunha praxe de loita de clase e de liberación nacional é unha riqueza a aproveitar. A mutación na estrutura económica e na superestrutura política teñen que producir neles, se queren ser úteis, tensións, adaptacións e correccións. Pero non é inferior en importáncia a atención aos sinais que espresan novas tomas de conciéncia nas clases populares. Unha desas vivéncias é a estudiada con documentación ampla por Carmen Pino e Alfonso Arnau na sua obra "O perecimento do Estado". Nunha entrevista afirmaban entre outras cousas, as seguintes :

"O Estado-Nación, o Estado nacido da edade moderna, practicamente no s. XIX, como organización xurídica do poder territorial dunhas clases dominantes determinadas, acábase. E acábase tanto porque o mito nación-Estado perdeu sentido para os cidadáns, como porque os centros reais de decisión son transnacionais, interestatais. Hoxe falar de Estados soberanos frente aos bloques militares, as empresas transnacionais e as trilaterais, non deixa de ser un eufemismo".

Esta perda de interés do mito das nacións-Estado creadas pola burguesia está a caer. E desaparece asi unha das alienacións máis paralizantes dos traballadores. Continua un dos autores :

"Eu escrebin este libro porque creo que só os povos coesionados, e dicer o povo traballador basco, canário, galego, etc. poden estabelecer as relacións de interdependéncia económica, social e incluso ecolóxica, que desexen cos outros povos; e só estes povos coesionados teñen capacidade para tomar iniciativas populares de lexislación, inda que só sexa reforzando e complementando a, hoxe, inevitábel mediación institucional".

A autoorganización, logo, dos povos nacionais é xa unha conquista da conciéncia mesmo nas barriadas das urbes europeas onde foi máis forte o domínio do *chauvinismo* burgués, daquel chauvinismo que devorou os socialistas do primeiro tércio do XX e que obrigou a afirmar a un coñecido político : que os partidos socialdemócratas nen promovian nen entendian a descolonización dos povos oprimidos. Pero foi necesária a loita de liberación nacional dos povos colonizados para que o proletariado europeo se abriese a esta parcela da libertade. En Galiza é esta crecente convición polular una dos sinais de fortalecimento nacionalista. Súmense, pois, partidos, colectivos, organizacións de masas á vaga de esperanza contra o imperialismo económico e cultural. E como escrebemos hai semanas, compren clarificacións porque *"os bisoños apetecen máis"*, queremos dicer máis debate clarexador, máis precisións ideolóxicas, máis razóns globais para militar no partido a que pertenecen, sempre e cando o vexan instrumento apto, que non único, nesa marcha necesária para a libertade e a paz.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Empresa Xornalística Editora .
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Francisco Carballo Carballo, Xoaquin Acosta Beiras, Manoel Maria Fernández Teixeiro, Santiago Esteban Radio, Xosé Paz Rodríguez, Felipe Senén López Gómez, Cipriano Jiménez Casas, Xosé Luis Fontenla Rodríguez, César Varela.

Conselleiro-Delegado .
Xoaquin Acosta Beiras.

Director .
Xosé Manoel Currás Rua.

Redacción :
Xosé Manoel Currás Rua, Alfonso Eyré, L. Labandeira, Xosé Amador.

Colaboradores .
Santi Villar, Fernando Franco, X.A. Suárez, Pablo Viz, Paco Arrizado, Domingo Prieto, Carlos Durán, Jordi Fortuny, Mugarra, A.P. Dasilva, Tino Viz, Xan Carballa, X. Marín, Xosé Lois, Carlos Rodríguez Silvar, Ernesto Noceda.

Redacción e Administración .
Dr. Cadaval, 21, 2o, Of. 11, VIGO. Tel. 22 24 05 (986).

Imprenta :
Ardatza, S.A. Polígono Eciago, 10 B. Hernani (Gipuzkoa).

Depósito Legal : SS-645/77

N.175/DO 5 AO 11 DE FEBREIRO/1982

cartas

NON HAI MAIS REALIDADES QUE AS QUE O POVO ASUME

Estas e outras palabras foron ditas por un militante de UPG, na miña preséncia, e dirixidas a vários dos seus compañeiros de Partido, quen, se non as asumiron, tampouco as rebatiron.

Agradeceríalle a "A NOSA TERRA" que, como simpatizante deste Partido, me permitise utilizar a suas páxinas para respostarlle a este membro da UPG.

Se as verbas que encabezan este escrito foran certas, tódos os militantes da UPG deberian de se convertiren en caciques pois, nestes intres, nada mellor que o caciquismo asume o noso povo.

Na devandita afirmación está fondamente acochada unha vulgar política eleitoralista e só pode ser válida en organizacións como o PSOE ou AP, pero nunca nun Partido que, até hoxe e con tódos os erros que se queira, demostrou ter un auténtico desexo de práctica revolucionária.

Que hoxe teñamos esta triste realidade non quer dicer que, loitando intelixentemente, non poidamos chegar a ter outra. Un partido que quer ser revolucionário non pode ter como sua a fácil tarefa de asumir as realidades de hoxe, senon a difícil de transformalas cara mañá. Dígavolo quen queira: si hai máis realidades posíbeis que a que hoxe asume o noso povo: as que asumirá algun dia se vós non desfallecedes e comezades por non aceitar vós tales afirmacións.

Quero dicerlle aos meus amigos da UPG que desconfien daqueles que lles queren ensinar a **"amar"** a xustícia, pois estanlles ensinando a ser reformistas, e máis ben aprendan de quen lles está ensinando a odiar as inxustícias, porque só este lles está ensinando a ser revolucionários. O amor á xustícia está ben nun povo onde xa a hai, se ese povo existe.

Tampouco debedes de aceitar como certa a afirmación de que o noso povo é de dereitas porque votou á dereita. A realidade dícevola quen vos afirma que o noso povo é ignorante. Quen vos fala de realidades é aquel que vos di que lle deamos cultura... de realidades e da maneira de facelo de esquerdas.

Os homes andamos porque a cabeza nos manda. Só cando as ideas son firmes é firme o camiñar.

Non vou falar das graves afirmacións que se fixeron sobor de Rúsia e o caso polaco, pois non teño espácio, pero si vos quero dicer que no futuro inmediato ides precisar militáncia coas ideas máis claras e firmes que nunca cunha preséncia dialogante, pero constante, en asambleas e células.

Os ataques do poder a vós, non fixeron máis que comezar, cada dia van ser máis fortes e constantes. Asi ten que combater a quen, sendo unha oposición real, non é fácil de destruir. Se sabedes soportalos, só debedes de ver neles unha proba de que a vosa liña é correcta.

Estade alerta contra os **"repetidores de televisión"**. Estes **"Zombis"** sempre vos estarán atacando por todos os lados.

Explícome : Hoxe os meios de información desbórdano todo, e xa non é posíbel manternos na ignoráncia polo que se nos mantén na deformación mental, transformando o que tiñan que ser meios de información en meios de deformación, e instrumentos como a televisión en máquinas encargadas de fabricar subnormais e semi-idiotas. Desconfiade daqueles, e sobor de todo se son compañeiros, que falan como se foran "repetidores de televisión", estes cairón vítimas da máquina e o seu sítio xa non está ao voso lado, senón **"nas alturas"**.

Co meu afecto e respeto.

E.O.

O ENFRENTAMENTO LINGUISTICO NO ENSINO

Propóñome escreber unhas poucas verbas, para falar da nosa língua, o galego, diante da problemática que rodea as distintas correntes que se están a dar no seu uso: **Reintegracionismo** por un lado e **Isolacionismo** por outro.

Comenzarei a dicer que me sinto galego da máis nova e moza xenerazom, dada a miña curta edade.

Como me sinto galego, teño que suleñar que moito me doeria que o galego se nos esquecera, por intereses **"persoais"** de quen tende a manter a todo o custo un galego **"oficialista"**, que para min, é un dialecto do Castelán. Desta maneira, surxe unha asociazom, oposta ao chamado galego **"oficial"**; **Asociaçom galega da Língua** (A.G.A.L.), que pretende velar **"sen ánimo lucrativo"**, polo galego. Esta organización é a que defende o **reintegracionismo.** Eu son pro-reintegracionista ou lusista, mais, sendo lusista, teño que ser realista. Por máis que non queira, estou atopando certos e abondosos rumores, xeneralizados, de boca de estudantes. Estes din **"galego si pero"**... Iste **"pero"** é un berro que pide planificazón para o sistema de estudo, con sete horas de estudo, con sete horas de traballo por xornada, con dez asignaturas, a xente non quer mais **"problemas"** e imos tirando co galego ao carrelo. O que si é moi probábel é que cando teñamos que asimilar un galego bon, un idioma ceibe —sen ser un dialecto do castelán— para que isto ocurra, terá que ser un galego reintegracionista. Pero surxirán moitas refuñas, mesmo se pode chegar a criar unha xenreira en contra do galego, o noso idioma enxebre. Este amente respírase no mundo estudantil.

¿Co gallo de qué, todo iste montouto de palabras? Pois está craro, para avisar a eses homes e mulleres que levan o galego no corazón, que sofren por el, dos problemas que pode acarrear "un **salto mortal**": facernos estudar aos rapaces e raparigas un galego reintegracionista —aínda que sexa máis positivo, que, desde logo esto é certo—. Pois trátase dun troco moi grande, pasar de estudar un galego isolacionista a outro reintegracionista, coido que ben diferenciados.

Xa non entro na división de opinións que teñen os mesmos mestres no intre de explicar-no-lo, deste xeito, uns fálan-nos un galego oficial, outros, un galego lusista e outros, un galego **"intermédio"** —chamanlle eles—. Esto tende a sementar entre nós o chamado **"cacao mental"**.

Pido desde aqui que o sentido común entre en funcionamento para que poida haber un entendemento, para que a transizom se faga con vagar e con bons cimentos, sen perxudicar ao galego. Se damos este **"salto mortal"**, pode-nos morrer o Galego, perde-lo seria perder algo que ten vida por natureza.

Este é o Galego que falo eu cos meus amigos, compañeiros e familiares. Deixa moito que desexar, o perfeizoamento é labor de toda a sociedade, por iso digo ¡Animo compañeiros!

Manoel Alxo Xove Losada
Estudante de 3.º de B.U.P.
Guitiriz

A BASE DO BARBANZA

Xa pasou tempo, desde que nos dixeron que ian poñer unha BASE de RADAR no monte Iroite, na península do Barbanza.

No seu momento houbo accións de protesta como a protagonizada polo BLOQUE (anpg-upg) coa manifestación no Porto do Son e con charlas e conferéncias a nivel de toda a bisbarra do Barbanza, informando dos perigos que isto ia supoñernos.

Parece como se a cousa lle dera a razón ao sistema militar e aos alcaldes da bisbarra, con que non iba supoñer nengun a sua ubicación.

Hai pouco, os militares xa instalados na Serra, comezaron, coas prácticas de tiro, e con tan mala fortuna fixérono que hai máis dunha semá xa mataron unha vaca de monte a tiros, dun dos veciños da aldea de Balteiro. Por suposto protestaron, e un dos militares que vive en Boiro, díxolles que xa se ocupaba él do asunto.

Claro, unha vaca ben mirado non é nada, polo menos para nós, pero para aquela xente das aldeas é a base da sua economia e existéncia.

Moi ben, pagaranlle a vaca, e qué?, ¿xa solucionaron o problema? ¿Cánto tardarán en matar outra?, ¿chegará o momento en que non sexan vacas as que matan por erro e sean bípedos?.

Convidamos a toda aquela xente que queira ver a Base, a que non perda esta oportunidade case única no chamado **"mundo libre"**, pois contrástase o mundo sen paz, último grito en moda nas colónias de Estados Unidos, co terceiro-mundismo das aldeas, con pistas de terra batida onde o coche que leva aos nenos do coléxio de Boiro ás aldeas, realiza verdadeiras birguerias —a vida dos nenos segue tendo a menor importáncia neste mundo. Contrástase unha Base de Radar rebosante en luz eléctrica cunhas aldeas que a única luz que ven é a do dia, e a das velas e do camping-gas pola noite.

Xunta intermediaria

O pobo anda; máis ou menos, mosqueado cos soldos que se anunciou que ian cobrar os conselleiros e o parlamentário do PCG formula unha pregunta ao Goberno autonómico, via parlamento, para saber de boa fonte de canto vai ser a nómina mensual dos homes de Albor.
Mentras, na sua primeira xuntanza, a Xunta repite como bases da sua actuación a austeridade e máis a racionalidade. No primeiro amagor de programa de goberno maniféstase como fidel intérprete da filosofia autonómica de Alianza Popular e proponse, basicamente como intermediária do Goberno Central. Rosón e Beccaría viaxan a Madrid e os dous obteñen abondosas promesas como representantes dunha autonomia diferente en cuxa marcha está obviamente moi interesado o Goberno de Madrid aínda que o seu partido sexa a UCD.

"Planificación é unha verba que cadra ben cos nosos postulados" dicia un concellal coruñés de Alianza Popular hai uns dias nun contexto que non ven aqui demasiado a conto, pero este é un xeito como outro calquera para comezar dicindo que, para empezar, a Xunta aliancista ofreceu uns resumes do tratado na sua primeira xuntanza plenária onde a idea que máis abonda é a de servir de intermediário, canlizador e adaptador da nosa realidade, e máis da idea que o Estado poida ter do que esta deberia ser.

E para mostra podemos presentar algun botón sacándoo, sen ir máis lonxe, da reseña que o portavoz oficial da Xunta entregou aos informadores na tarde do venres pasado, despois da longa xuntanza que o plenário do Goberno autónomo mantivera na sua sé, aínda provisória, de Raxoi.

No eido da Consellaria de Agricultura, Gandaria e Montes, a Xunta ofreceuse a colaborar cos organismos do Estado na prevención de incéndios forestais, mentras non receba transferéncias neste asunto. No eido da Consellaria de Sanidade, aparte de presentar un informe sobor da situación inmunolóxica e outro sobor da situación creada pola perda de prazas de veterinários titulares en várias vilas, foi presentado un estudo por parte do conselleiro Hernández Cochón, destinado a resolver o problema creado pola ubicación dos cimentérios e *"para tratar de igularnos o máis posíbel, neste tema, ás demais zonas de España"* diria máis tarde Xosé Luis Barreiro en roda de prensa. O conselleiro de pesca, ademais de presentar un informe prévio á reforma a fondo do Plan marisqueiro, fixo unha proposta de solicitude á administración do Estado para que a Xunta poida participar na elaboración da política pesqueira estatal *"tendo en conta que somos unha das zonas de España que máis riqueza aporta neste sector"*. Por último, e xa pechado o capítulo de ofrecimentos de intermediación destinados a ser ouvidos pola administración central, resaltemos o plan esbozado pola Consellaria de Turismo e Deportes para *"atender á especial situación creada en Galiza pola celebración do Ano Santo Compostelano e máis do Campeonato- Mundial de Fútbol, coordinando as actuacións dos organismos locais e estatais"*.



Calros

ANALISE POLITICO-SEMIOLOXICO

Pero seguindo na liña do anterior, aínda se pode chegar un pouco máis alá. Pescudando no contido da referéncia do tratado na primeira xuntanza da Xunta (toda ela escrita en castelán) pareceria que estivese feita por políticos perfectamente centralistas que se abraian diante das *"peculiaridades"* próprias daqui, ao tempo que se esforzan en correxilas do xeito máis *"austero e racional"*. Esta ao menos é unha das consecuéncias que se pode sacar do feito de que tanto á hora de solicitar das diputacións a creación dos *"Patronatos das Vivendas Rurais"*, á de pedir a participación nas negociacións pesqueiras estatais, de propoñer a modificación da distribución e ubicación dos cimetérios, á de diagnosticar a situación turística ou a dos incéndios forestais, se insistira tanto, na referéncia oficial escrita e máis na conversa do portavoz oficial do goberno autonómico cos periodistas, no feito de que estas decisións estaban motivadas polas *"especiais circunstáncias que neste campo ten, padece ou concurren en Galiza"*, talmente como se estiveran falando para informadores de Madrid aos que lles tiveran que explicar as suas *"raras"* decisións ou como se foran decisións tomadas por xente que ten os seus miolos postos noutras realidades pero que se ve na obriga de tropezar coas daqui (como se tiveran estudado para ministros e se tiveran quedado en conselleiros, diria se quixera facer un ataque fácil e barato, ataques para os que poida que non falte ocasión, por outra banda e por desgrácia).

A AUSTERIDADE, A RACIONALIDADE E MAIS O DA CONSELLARIA DE PESCA

O resto dos temas tratados na xuntanza do Pleno da Xunta do venres, dia vintenove (por certo, durou desde as dez da mañán deica as catro da tarde), pódense resumir no estudo da situación da que partia cada unha das consellarias, que foi calificada como de *"dispar"*, a análise da problemática das de recente creación e o da situación plantexada polas vacantes existentes nos servícios transferidos. Outros informes presentados polos conselleiros referíronse ao estudo dos niveis actuais de competéncias e á preparación de orientacións e material de traballo para a Comisión Mixta de Transferéncias que dentro de pouco han de constituir membros da administración central e máis da Autonómica.

Todo elo, seguindo o *"leit motiv"* que AP quere que se lle aplique a toda a sua administración ao frente do goberno autonómico, *"austeridade e racionalidade"*, como lema non está nada mal e é o que terian como base para propoñer o soldo que van cobrar os parlamentários (como é sabido os representantes do partido do goberno autonómico teñen proposto que os membros do parlamento cobren mediante dietas e por *"asisténcia"*), pero non está tan claro que foran os mesmos que seguiron para prometer ingresos aos membros da Xunta. O povo, quen máis quen menos, escandalizouse e seica algun dos xunteiros xa ten amenazado con dimitir se non se lle dá o soldo prometido (isto, claro, está *"off the record"*).

O da consellaria de pesca é outra história, mellor dito, é a outra banda da mesma. O Estatuto di que a Xunta só terá competéncias en matéria de pesca en rios, lagoas, rias e mais a acuicultura, é dicer, só pode entender, lexislar e controlar o que nesta matéria se faga desde unha milla para fóra da costa deica o nacimento dos rios; polo tanto, no tema do amarre da nosa flota, no dos caladeiros, regulación de capturas... en cáseque nada do que plantexa graves problemas económicos e políticos no noso mundo da pesca, está ao alcance do que a Xunta pode decider; e vai o conselleiro de pesca e propón na primeira xuntanza que mantén cos seus compañeiros de goberno solicitar do Goberno Español, ser ademitido na elaboración da política pesqueira.

AUTONOMIA ALTERNATIVA

No terreo da actividade parlamentária autonómica, é de destacar que estes dias rematou o seu traballo á Comisión de Incompatibilidades e parece que nengun parlamentário galego está incurso en nengunha delas.

A Xunta de Portavoces reuneuse o luns dia un de febreiro e voltaráo facer o oito. A ponéncia encarregada de elaborar o anteproxecto de reglamento rematou tamén o seu traballo que se desenrolou seguindo como modelos o reglamento do Parlamento Catalán, o proxecto basco e máis o do Congreso de 1977. A elaboración deste anteproxecto parece que non suscitou moitos enfrentamentos e, sobor de todo, que UCD e máis PSOE se mostraron totalmente coincidentes nos seus plantexamentos. Agora este anteproxecto pásou ao presidente da Comisión que llo deberá entregar ao Presidente do Parlamento para que, seguindo as canles reglamentários deberá informarlle do seu contido aos parlamentários para que estes poidan presentarlle enmendas, ou plantexar de calquera outro xeito a sua modificación. O procedimento normal seria proclamalo no Diário Oficial do Parlamento pero ao non existir este (seica por non estar inscrito aínda oficialmente) o procedimento que se siga é posíbel que sexa o de enviar unha carta aos distintos parlamentários (datadas todas no mesmo dia) e que logo estes conten cun prazo para presentar enmendas.

Nun pleno da Cámara será onde se aprobe o texto definitivo do Reglamento. O que non se sabe é cándo nen ónde se vai celebrar esa próxima xuntanza plenária, parece que o Bispado non está disposto a seguir prestando o Pazo de Xelmírez e dise que un destes dias lles pediu as chaves aos membros da Mesa que a tiñan (o que non se sabe é se estes lla devolveron ou non). Na viaxe que a remate da semana pasada fixo a Madrid o Presidente da Cámara Sr. Rosón, parece que todo foron boas palabras e que a Administración Central está disposta a non escamotearlle cartos de instalación á Autonomia galega, que se presenta como a única dominada pola dereita non nacionalista e teñen que demostrar que son eficaces e que non teñen tantos problemas como os nacionalistas que controlan as institucións autonómicas deica agora existentes. Falouse por Santiago de que o Palácio de S. Clemente (Instituto Femenino) estaria no punto de mira dos buscadores de sé pero nada fixo se sabe e, en calquera caso a eleición deste edifício implicaria agardar a que remate o curso escolar para comezar as obras de acondicionamento.

L.L.

Sete concellais piden a sua dimisión

Soutomaior, con alcalde contestado

Sete votos a favor e cinco abstencións son o resultado da votación de petición de dimisión feita por concellais de todos os grupos da vida municipal de Soutomaior ao alcalde da vila do castelo e das ostras, Fernando Pereira. Somente faltou un voto para os trece que compoñen a Corporación, pero foi por encontrarse ausente.

Soutomaior, concello duns 5.000 habitantes e duas parróquias antergamente enfrentadas pero hoxe en dia abocadas a un entendemento racional que posibilite o traballo en comun, vive nestes momentos pendente da moción aprobada o dos rumores que falan de que van *"baixar"* a casa consistorial para a parróquia de Arcade.

Axuntamento de Soutomaior. Santi Villar

As eleicións presentáronse catro candidaturas que repartiron os concellais deste xeito: Pro-progreso de Soutomaior, con catro concellais, Xuntanza Arcade-Soutomaior, con catro, alcalde incluido, BN-PG, con tres e Agrupación Independente Democrática, con dous.

A URXENCIA DUNHA MOCION

Os concellais que presentaron a moción conseguiron que esta fose declarada de urxéncia nunha votación na que tiveron nove votos a favor, por tres abstencións. Conseguida a declaración de urxéncia comezaron co desenrolo dos 22 pontos de discusión dos feitos (e desfeitas) do alcalde.

Nós imos seguer o mesmo orden que os concellais para non perder o fio do relato.

Apertura Colexio Santiago

O Coléxio Santiago estaba situado en Arcade e, sen licéncia foi trasladado —e edificado— na parróquia de Soutomaior. O alcalde acolleuse a un artículo do reglamento no que di que se pode dar a licéncia se xa estaba funcionando noutro lugar, mais non comunicou nada nen á Comisión Permanente nen ao Pleno no prazo dun mes. E, por parte, dixo nunha permanente que non concedería licéncia. A inauguración levouse adiante en plena campaña do Parlamento Galego, coa preséncia de Sancho Rof, o Gobernador Civil, Cifuentes, a Televisión e o Bispo, co alcalde entre eles.

Execución do plan de obras

As obras aprobadas en marzo do 1980 e mesmo antes para incluir no plan de obras e servícios da Diputación de 1980 aínda están sen facer e algunhas son tan importantes como as Normas Subsidiárias de Planeamento, a casa do médico ou a ponte de Comboa. Acusaron, pois, os concellais ao alcalde de falta de interés.

Telefono público de Comboa

No barrio de Comboa tiña que ser instalado, ao igual que noutros da vila, un teléfono público rural. O emprazamento inicial era unha tenda do lugar pero, e segundo aseguraron alguns concellais, por presións do alcalde de bárrio, non se puxo aí. 52 firmas avalaron un escrito para que fora posto na tenda (no bárrio haberá 60 casas) e aínda non teñen teléfono nen o escrito foi presentado á Corporación.

Seguranza Social a contratados

Unha das primeiras cousas que a Corporación acordou foi meter a todos os contratados (limpiadoras, conserxes de coléxios...) na Seguranza Social.

Para isto, no presuposto feito en marzo de 1980 adícase unha partida para o efeito. Os cartos aínda están intactos e os empregados municpais sen Seguranza Social.

Traída de augas

Para o tempo da sequedade e en previsión de esgotamento dos manantiais, acordouse comunicar a cada usuário que gastara só 400 litros por dia e vivenda. As cartas aínda non foron mandadas e ainda non hai contadores instalados nen se pagan tasas.

Por outra banda solicitouse unha entrevista co Axuntamento de Redondela, limítrofe de Soutomaior, para ver de sacar auga conxuntamente dun manantial que podia ser forte. Por parte do alcalde, e segundo os contestatários, xamais houbo preocupación polo problema.

Adxudicacions de obras a dedo.

Houbo unha série de obras que foron adxudicadas polo señor Pereira a dedo, sen pedir presupostos a máis dun contratista. Por contra, o alcalde asegurou que pedira vários a determinados empresários que consultados polos concellais que pediron a dimisión, negaron tal extremo.

Entre as obras adxudicadas deste xeito están a casa de autópsia de Arcade e a Praza de Abastos da mesma parróquia.

Escritos que non pasan ao pleno.

Hai bastantes escritos de concellais e mesmo de veciños que unha vez recebidos no Axuntamento non pasan xamáis ao pleno. Algun hai, contáronnos, que leva máis de dous anos sen coñecerse.

Tamén acusan ao alcalde de que os escritos informados xa polas comisión correspondentes non foron levados aos organismos de Goberno Municipal, mentras que, por outro lado, aparecian as mesmas mocións baixo a firma do alcalde.

Convocatória de plenos e permanentes

Neste ponto aseguran que o alcalde está incumplindo a lei, xa que esta marca a celebración dun pleno ordinário por mes e una permanente semanal e só se convocan plenos extraordinários para evitar as moción de urxéncia e os *"rogos e preguntas"*. Mesmo a última vez que se reuniu a comisión municipal permanente foi o quince de decembro do ano pasado. O último pleno foi no que presentaron a moción.

Camiño da Sucadiña.

Sobor do camiño da Sucadiña, onde viven poucos veciños, as informacións falan de que Fernando Pereira prometera unha cantidade para arranxalo, despois de que os veciños falaran con todos os grupos políticos da Corporación.

Por fin, levou aos afectados ao pleno para presionar aos concellais, pero o seu ponto non saiu aprobado. Logo, contan, presionou aos veciños para que pediran un crédito que ficou curto polo aumento do précio da obra.

A pretensión dos concellais era repartir un diñeiro que habia entre catro camiños, mentras que a do alcalde era darlle máis ao lugar onde el prometera.

Os veciños agora atópanse en dificuldades polo crédito solicitado.

Delimitación do monte público.

Ao primeiro mandatário municipal, pedíronlle várias veces que procedera a dar as órdenes oportunas e comezara os pasos para a delimitación de propriedade pública que poidera estar afectado pola construcción do Coléxio Santiago, dunha serraria e outras obras menores, asi como da delimitación con Redondela.

Segundo os concellais, nunca fixo nada.

Cesión gratuita de grava

Unha empresa, instalada temporalmente en Arcade para a elaboración de grava con destino á Autopista, deixou, cando foi desmontada, bastantes metros cúbicos para o município, de balde.

O alcalde comezou a repartila ao seu antoxo e mesmo lle regalou a unha empresa de fóra do municipio (PONTESA) bastante cantidade deste material. Houbo bárrios cos que pelexou porque levaron unha carretada de máis.

Neste momento foi cando comezou a perder a confianza dos concellais que pediron a sua dimisión.

Vertedeiro de basuras municipal.

Outra empresa instalada en Arcade (Carburos Metálicos) comprometeuse a facer un vertedeiro para o municipio, de balde, a cámbio de poder facer nel os seus vertidos.

O tema durmiu no despacho do alcalde e por fin Carburos decidiu, ante o aumento de précio, non facer nada. A obra valeu cerca das 500.000 ptas, e foi feita sen presuposto prévio.

Distribución dos postes do alumeado.

Dada a existéncia de postes para o alumeado que habia que distribuir por todo o município, e sen contar co Pleno nen coa Pemanente, levou a maior parte dos postes para o bárrio de Comoa.

Segundo asegurou despois, fixera un sorteo en preséncia dos alcaldes de bárrio, do que ninguén sabe nada. Por riba, no sorteo, Comoa ficou no número sexto e levou máis que ninguén. Os postes, aínda, están sen luces.

Plazas de bibliotecário e peón.

Para a biblioteca que ten un atraso na sua nova construcción bastante grande e que está en precário nun coléxio, estaba previsto un funcionário no presuposto de 1981. Esta praza, igual que outra de peón, aínda non saeu a concurso.

Problemas financieiros.

Fernando Pereira é, segundo contan, alcalde que gosta presumir de que *"andas coa carretilla polas obras"*. A versión dos concellais contestatários é que non se entera, con todo o seu persoalismo e centralización, do nivel económico-administrativo.

Agora mesmo, do ano pasado está cobrado só o 30 por cen do Padrón de veículos, o de basuras e de escaparates e vitrinas, sen facer nen cobrar e o de utilización da via pública, sen cobrar. Basándose en que hai partidas do presuposto intocadas, pode dicer que hai superávit.

Un bon xemplo da sua perda da noción económica foi o encargo do II Trofeo Axuntamento de fútbol, que custou 24.000 ptas. que os concellais non queren pagar por ser contratado sen o seu coñecemento. Segundo o alcalde, todas as obras *"saen de balde"* pero se lle acusa de que isto non é certo e de actuar en plan eleitoralista. Velaí, senón, o caso do vertedeiro ou da Costa dos Pereiros.

TODOS CONTRA DO ALCALDE

De Fernando Pereira cóntase anécdotas de actuacións pelengrinas, como chegar a un pleno todo alporizado protestando de que a un concellal se lle ocurrira ir no Museo de Pontevedra sen contar co seu permiso ou de retirar o selo de caucho que tiña o secretário por se usaban a sua firma con motivos inconfesábeis. Cóntase tamén, que dunha vez que rompeu a tuberia da traída de augas e as augas estaban a ser máis contaminadas do que normalmente están, e dous concellais ordenaron pechala para evitar males maiores, alporizouse preguntando quen eran eles para mandar pechar a auga.

Quizais o máis destacabel sexa a acusación feita a un concellal de retirar documentación do Axuntamento, extremo que confirmou o Secretário da Corporación.

Os munícipes pediron a dimisión do alcalde logo dunha moción de censura na que a base foi, en gran medida, todo o que acabamos de expoñer, e na que o resultado foi de oito votos a favor da censura e catro abstencións, se ben un abstencionista asumia todo o escrito e outro parte, pero por ser da candidatura do alcalde preferiron absterse.

A actuación xa lla tiñan anunciada ao alcalde, co fin de ver se endereitaba o seru rumbo, pero non se fixo. Os contestatários posibelmente renuncien a asistir ás convocatórias do alcalde mentras Pereira non dimita.

Coas cousas asi, o presuposto de 1982 e o de 1983 poden ficar sen aprobar de seguer a situación até as próximas municipais. E a paralización do município seria un feito.

m-ais

Sobor destas penedas a carón da correntada, paséanse de noite as lontras e deixan nelas as suas pegadas.

Xa non é doado hoxe atopar lontras nos nosos rios. Aínda non hai moitos anos, estes fermosísimos animais austaban aos rapaces, eran perseguidos polos cans e enchian de vida fermosura e axilidade, os pozos dos rios e regato, e a sua beleza misteriosa habitaba nos recodos e remuíños das frias augas á sombra dos ameneiros. Aínda non hai moito habia en Galiza unha considerábel povoación de indivíduos desta espécie.
Débenlle o seu extermínio ao précio do seu pelexo, á impunidade coa que os trampeiros actuan e máis ao enriquecemento duns cantos comerciantes de peles.
Apesar de ser unha espécie protexida, pódese dicer que a sua existéncia é desesperada e a sua supervivéncia un milagre.

As últimas lontras

Alumeaban as primeiras luces do mencer, cando baixábamos polos barrancos, cara as fervenzas que naquel lugar hai no rio. As razóns que nos pulan témolas teimosamente presentes; se temos sorte, poderemos admirar un destes animais; o feito de ter chegado a un dos poucos lugares onde aínda poden viver as lontras, fainos esquecer o risco que supón ter que bordear os cantís do rio, apesar de saber que en caso de escorregar, as posibilidades de sobreviver son poucas.

Desde esas mesmas paredes, comezamos a ollar os lugares que nos parecen máis apropriados para ser fogar dalgunha lontra, mais as primeiras olladas non dan mostra algunha da preséncia do animal, e foi preciso baixar ao caron do curso do rio, até a o médiodia, para atopar o primeiro signo da sua preséncia. Uns excrementos miúdos enriba dun penedo, dedenotana e é ali onde ficamos á espreita; alertando detrás dunhas ponlas estivemos perto de sete horas. Sete longas horas agardando, por quen non deu aparecido, como nos advirtiran os naturalistas, *"As lontras, víronse tan atacadas, que se voltaron nocturnas"*.

Cando descansábamos nunha casa perto do rio, onde pasamos a noite, matinábamos nestas verbas e as preguntas surxian unha detras doutra, ¿Foi tan grande o extermínio pra facer que un animal cámbie os seus costumes?

Tendo en conta que as lontras sempre foron amantes do dia, e lles gosta quentarse ao sol, a cousa pode parecer tráxica. De feito é non esquezamos que as lontras deberon povoar os rios de Galiza até hai ben pouco, e isto lévanos a pensar no nemigo último das espécies deste tipo: o "ICONA". Hai dados de que, na piscifactoria de Cotobade, o xefe da mesma, mandou matar catro lontras porque lle comian os alevíns de troita. Cando os mesmos encargados da "conservación" matan unha espécie a protexer ¿qué faran os trampeiros e buscadores de pelexos, por conseguir a cobizada pel?

Ao dia seguinte, seguimos a búsqueda. De novo percorrimos aquela zona do rio, chegando astra a mesma fonte do seu nacimento. E todos os povos por onde pasamos, fumos preguntando se viran algunha; a resposta foi sempre a mesma: *"Hai anos que non as vimos"*. Pero pregúntelle ao taberneiro, que el antes saia a cazalas. Fomos onde o taberneiro, e, entre berros, díxonos que el as cazaba porque podia vendelas a uns paisanos que viñan desde Santiago mercalas polos povos; non fixo falta preguntar máis, a razón da desaparición das lontras tíñamola xa. Como sempre, os intereses comerciais dun grupo de persoas, acaban coa vida dunha espécie.

Non foi en vano a busqueda das lontras; se ben non chegamos a velas, sí tivemos probas da sua existéncia. Apesar das horas pasadas á espera de que aparecesen, non o fixeron. Déronlle asi a razón aos biólogos e naturalistas, preocupados no tema: Soio saen de noite.

Quizais sexa hora de plantexarse o porqué dunha situación como esta. Non deixa de ser dramático que os noso rios non volten ter lontras. E se dicimos non volten ter, é sen afán de catastrofismos, hoxe en dia non hai nengun tipo de censo feito sobor da povoación de lontras en Galiza, pero os cálculos máis optimistas non dan máis de médio cento de parellas, en toda a hidografia da nación.

O rio que nós visitamos é morada dunhas das últimas, precisamente polo inaccesíbel do seu cauce, doutro xeito a cousa quizais fose diferente; son estes lugares os que poden servir ás lontras de refúxio ante o seu sistemático extermínio. Seguramente con estes mustélidos pasara como con outras espécies en regresión: é tan difícil atopalas que se dan por extinguidas, e tanto é asi que os rapaces na escola teñen que "aprendelas" dibuxadas nun papel, cando no peor dos casos, hastra hai ben pouco, no regato da sua aldea, habíaas.

Deixamos o rio onde estivemos tres dias á busqueda das lontras, e facémolo co convencimento da sua existéncia. Imonos doídos por non podelas ver e fotografiar para os nosos leitores, pro quizais sexa mellor asi, cando a existéncia de algo tan fermoso está pendente dunha trampa, ou unha escopeta, e mellor, que se esconda do pior dos animais: O home.

SANTI VILLAR





REINTEGRACIONISMO E GALEUZKA

MARTI GARCIA-RIPOLL DURAN

Estou a pensar que o reintegracionismo é un paso normalizador: ou reintegracionismo ou a patueisaçaos: nao tedes outra alternativa, e nós —os cataláns—, conhecemos bem o caso valenciano separatista col Norde, justamente para que a língua do País Valencián —chamada catalán ou valencián, o nome nao é o importante— nao poda ser umha língua normal, senón umha espécie de sub-sistema do espanhol.

E digo-vos isto porque eu tive problemas a propósito do galego. Vedes: Iniciei ums cursos de galego organizados pola ANPG en Barcelona que terminaron como o rosário da aurora pola questao da codificaçao. Logo, no pasado verán, estive en Lisboa nos cursos de língua que se están a fazer na Universidade: nao podia escrever ben o portugués porque tinha na testa outro jeito de escrita (vários jeitos, seria melhor dizer: o jeito de Galaxia, o jeito da Académia, o jeito do Instituto, etc.) E agora pensei fazer ums cursos no Centro de Estudos Brasileiros de Barcelona, e outravolta a mesma história: o meu aproveitamento em portugués topa-se coa questao da anormativizaçao das variedades galegas. Comprendedes o que isto é para umha pessoa que nao é galego (luso)-falante que deseja conhecer ben a vossa língua, falada do Návia até o Peru? O que aprendia em classe era interferido pola leitura de A NOSA TERRA ou dum livro galego, e isto á sua volta estava interferido (e aínda está) pola leitura dum livro portugués ou brasileiro. Assim que botei das clases (ou isto, ou botar da leitura en galego totalmente).

Como vedes, se as cousas nao andan para o reintegracionismo, o galego está a morrer. E digo isto, aínda que moitos-as companheiros-as nao tenhan ideas claras: que se o galego é umha língua "especial" que hai que escrever como se fala (pola inércio dumha ortografia espanhola), que se o galego "correcto" nao existe (entao o "correcto" é o castelán, aínda que em Galiza se fala de jeito heterodoxo), que se hai muitos galegos (umha língua galega distinta por aldea), etc. O que passa é que a ideologia dominante está aínda nas testas daqueles que, dessejam a normalizaçao chea do galego, que ven o "perigo" do lusismo sem considerar o do espanholismo. Se o galego nao está nos passo da normalizaçao isto nao tem importáncia popular: a cousa seria máis ou menos umha discussao sobor do sexo dos ángeles con colorims filológicos. O verdadeiro problema é no momento do ensino formal da língua (como foi no meu caso). Nao é possível nada bom coa multiplicidade da normativa, e nengunha boa! Polo menos umha ha ser boa: E esta ja a sabemos: A reintegracionista.

Mais nao é só isto. O reintegracionismo tamén é bom para Portugal. Pois Portugal padece umha espécie de complejo de inferioridade lingüística: ja sabedes, a renda per cápita é a mitade da média de Espanha, e a mitade do turismo é espanhol. Podedes imaginar os fumos de muitos turistas espanhois sobor



da "superioridade" da sua língua. Eu, no Madrid-Lisboa vi un exemplo quando subiu a policia portuguesa, que falaban umha mistura —chamada "portuganhol" en Portugal— para fazer melhor a comprensao. E un home de Madrid empezou a berrar porque nao falavan espanhol, *"Si estamos en la Península"*.

OLHANDO PARA PORTUGAL

Doutro jeito, Portugal é um país sem industrializar. Nao hai umha indústria nacional do cinema. E o cinema fala en inglés, como a teleisao nos seriais americanos, aínda que sublinhados em portugués. Mais hai umha dependéncia do inglés (assim como do francés) pola falta de meios de produçao cultural elevada: Até o ponto de que na Praça do Rossio ums meninhos que recolheian dinheiros da campanha Internacional do Deficiente falaron-me en inglés; no metro, outro dia, um soldado pediu-me a hora en inglés; umha parelha que atopei um dia que ia para o castelo de San Jorge e pedilhes em portugués —no meu portugués— a combinaçao dos eléctricos, responderon-me en inglés... A minha "marca" era levar um plano da cidade na mao. Noutros lugares, o meu acento "cantava", e falavan-me em espanhol ou "portuganhol": comércios, empregados dos restaurantes, algum taxista, telefonistas, etc.

Nas livrarias havia nos escaparates livros em portugués, espanhol, inglés e francés (Dos livros técnicos hai poucos em portugués).

En toda Lisboa só vim umha livraria que tinha livros galegos. O desconhecimento da Galiza é total em Portugal (aínda nas Facultades literarias), eu por exemplo era corregido nos cursos se empregava "che" e nao ficava bem a nasalizaçao, como espanholismos mentras os brasileirismos eram considerados "correctos": o emprego de *você* polo *tu*. Só umha volta ouvi boa consideraçao do galego por um portugués: Era filho de galegos e tinha moi claro que o galego e o portugués eram o mesmo, aínda que nao se escrevem da mesma forma.

Entre parénteses, tamém me dim conta de que o catalao nao existe em Portugal, nem para moitas pessoas de letras que ao máximo están a dizer que é um dialecto (do francés ou do espanhol). Em Portugal considera-se que no Estado Espanhol só se fala espanhol, polo geral: Num mes que estive só falei em catalao a um companheiro provenzal, que falava occitao, e estdava co pai ideológico do occitanismo, Robert Laffont, lingüística, e com um emigrante portugués, que estava de férias, e vivia em Catalunha: A dominaçao tamén se nota no campo dos estudos da ciéncia lingüística. E nao quero explicitar as minhas "conversas" sócio-lingüísticas que tive com companheiros-as doutras universidades do Estado Espanhol: só os que eran galegos-as ou os-as que estudiavan em Salamanca coa Pilar Vazquez Cuesta tinham ideas claras: A culpa nao era deles-as, senao da reproduçao ideológica na Universidade. Algums-has chegavan a dizer aínda que coa Generalitat estava ja a questao normalizada: as leituras de "EL PAIS"! Claro, outros-as só conhecian o "DIARIO 16" e o manifesto dos 2.300! Só os-as companheiros-ras galegos-as sabian o rolho Xunta-Generalitat-Madrid anti-normalizador!

Digo-vos isto porque sem normalizaçao é impossível umha projecçao cultural exterior: as línguas discriminadas nao tem espácio universal: umha boa maneira de ajudar-nos é a solidaridade entre nós. Ninguém vai fazer este trabalho por nós. Hai tempo alguém falou de reviscolar Galeusca nestas páginas, Joan Corominas tamén falou no "AVUI" a propósito do caso DIces-Rois; hai ums anos falou-se em Barcelona neste senso a propósito do Dia das Letras Galegas. Mais seria bom comezar a concretar trabalhos em equipo, que superen encontros accidentais a nivel individual: E preciso un mínimo intercámbio de informaçáo.

Dos xeitos de falar de Polónia

Comentario sobre o programa televisivo "Deixade a Polónia ser Polónia"

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

Hai actitudes que son difícis de catalogar, nas que a linguaxe semella probe para certificar o seu verdadeiro carácter. Esa dificultade teño eu para descreber a noxenta montaxe que este domingo foi dada, a unha hora de audiéncia garantizada, e cun desplegue de meios case nunca visto, nas televisións de médio mundo co gallo dunha chamada "Xornada de solidaridade con Polónia". Ali estaban pra expresaren o seu apoio —disque— ao povo polaco e ao sindicato Solidaridade, desde o mesmísimo xefe supremo do Far West —tamén chamado **"mundo libre"**— Ronald Reagan, até a esperanza —¿cánto tempo?— da anovación sen revolución, o señor François Mitterrand. Ali o **"noso"** (?) xefe Calvo Sotelo chorou bágoas de crocodilo polo malfadado pobo polaco ¿E cómo non se lle ocurriu choralas, cando era alto membro da administración franquista, polos povos do Estado español? Iso por non falar das que teria que chorar agora se a sua sensibilidade, tan delicada para as cousas que suceden ao carón do Vístula, non estivera morta para canto pasa dos Pirineos abaixo— man a man coa sua admirada señora Thatcher, álias **"puño de ferro"**, e con outro **"demócrata de toda a vida"**, o veciño Pinto Balsemao. Ali, por chorar chorou até io primeiro ministro turco! Un monicreque dunha das ditaduras militares máis sangrentas da terra —desde logo, con moitos máis mortos nas suas costas, entre fusilados e torturados nas cadeas, de cantos ten causado o réxime de Jaruzelski— expresando a sua protesta pola represión das libertades en Polónia. ¡O que tíñamos por ver!

¿E qué pintaban entre tanto profesional do cinismo político xentes como Orson Welles —as campás levan xa moito tempo sonando por centos de homes en El Salvador, en Guatemala.. e ti, admirado vello, somentes adoitas escoitalas cando falan en polaco—, como Glenda Jackson —Cortazár, paréceme que imos ter qué amar un pouco menos a Glenda...—, como Czwalaw Milosz —ainda coñezo pouco dos seus versos, pero tíñalle un respeto a esa decisión, dentro da sua disidéncia política, de manterse ao marxe de manipulacións ao estilo Solzetnitsyn... e agora vennos con estas...— ou como Henry Fonda —quen citou intelixentemente (¿ou era só **"esixéncias do guión"**?) o prólogo de Engels á edición polaca do **"Manifesto Comunista"**, o que poderia ter certa forza se a vecindade de tantos **"traballadores"** do poder capitalista máis a de certos sindicalistas amestrados non evidenciara o seu carácter demagóxico—...? ¿Qué facian estes e algun outro home de ben entre tanto axente da Cia disfrazado de artista?

Demagóxia é a verba que mellor define canto se dixo e se amosou no devandito programa. Demagóxia é o senso derradeiro da sua mesma concepción. Unha concepción que vale como exemplo paradigmático dos mecanismos que hoxe en dia dirixen o funcionamento dos meios de comunicación masivos na creación teledirixida de estados de opinión no mundo. Ao tempo que descobre, a quen queira mirar baixo o escentileo das apariéncias prefabricadas, o que se está a xogar no xadres polaco. Polónia, en efeito, é usada como unha peza de ataque polo imperialismo ianki para frenar á URSS, e, xa desde unha perspectiva estratéxica, cara a utilizala como cobertura para xustificar o seu intervencionismo cada dia máis aberto en El Salvador, Guatemala, e quizais o intervencionismo futuro en Nicarágua ou mesmo en Cuba.

Hai un obxectivo derradeiro: que cada quen pense que todos temos que estar ou con eles —o **"mundo libre"** protexido polas pistolas do sheriff Reagan— ou cos seus nemigos. Falácia onde converxen con que, desde o outro bando, andan a nos dicer o mesmo: ou estades co **"paraíso socialista"** do grande pai Breznev e os seus Jaruzelskis de turno, ou estades co capitalismo e o imperialismo ianki.

Pois non señor. Eu súmome á denúncia da campaña anticomunista coa que se quer relanzar unha nova **"guerra fria"** na que os **"direitos humanos"** son un recurso constante cando de desprestixiar ao nemigo **"totalitário"** se trata, mentras se siléncian as matanzas que decote enchen de sangue as terras dos países dependentes, moitas veces coa axuda directa dos conselleiros USA. Pero resístome a cair no xogo macabro de cambiar El Salvador por Polónia ou Guatemala por Afganistán. Temos que manter a nosa libertade intelectual para analizar a realidade e asi poder transformala. A loita popular e anti-imperialista nas ditaduras centroamericanas non presenta problemas de interpretación para o pensamento clásico marxista: sabemos ben onde están os "bons" e onde os "maos". En troques, as loitas obreiras polacas constituen un verdadeiro desafio que non é posíbel resolver co recurso aos vellos esquemas dogmáticos. Por iso é tan difícil falar de Polónia. **Por iso precísase falar de Polónia.**

da terra e do mar

O monte en Galiza

Unha base para a economía

A economia galega está a sofrir unha fonda transformación ante o problema da recesión económica en todos os paises occidentais. O porvir desta economia dependerá en primeiro lugar da capacidade do home galego que sempre deu mostras de sacar roqueza de onde non se atopaba. Mais, en segundo lugar, son as fontes de produción primária as que ben gobernadas poden levar a un povo adiante, a través de matérias primas que poidan ser transformadas e dean lugar a o desenrolo dunha indústria axeitada ás condicións do país.

Foto: Arquivo

Pois ben, estas matérias primas son tanto máis importantes canto menos dabondo as teñan outros paises. E por outra banda son tanto máis importantes cantas máis transformacións poidan tirarse delas.

Con estas ideas que non pretenden esgotar as posibilidades dun estúdio económico (non tento facelo) podemos botar unha ollada ás fontes primárias galegas que cun custe asequíbel pódense por en explotación. Eu coido que das poucas que temos, O MONTE é unha das máis importantes.

Vou tratar de xustificar esta afirmación, comezando por facer unha definición moi simple do que nós chamamos o monte. Chamamos monte en Galiza a un 67,5 por cen da sua extensión, que veñen ser un pouco máis de dous millóns de hectáreas e que están ocupados pola floresta (piñeirais, eucaliptais, soutos, fragas...), polo monte raso (toxeiras, queirugais, xesteiras...), os pastadeiros (panasqueiras, xunqueiras, pradeiras do monte...) e aínda polos cursos das augas continentais, as presas, as canteiras e minas, etc.

UNHA MOREA DE PRODUTOS

Deste monte véñense obtendo desde sempre as madeiras que fornecen nosas indústrias do aserrio, celulosa, taboleiros, etc. a carne de gando do monte e os seus derivados, os froitos como as castañas e as noces, os cogumelos, mel, estrume para o gando, leña para o fogar, peixe e cera, pedra e mineria.

Ademais destas producións que poidéramos chamar directas hai outras que están vencelladas coa climatoloxia, nas que o monte ven ser o regulador da auga para que esta chegue aos rios e regatos docemente e logo ter metido na terra na que pouco a pouco afondara, vai sair a xeito de fonte. Ao mesmo tempo, as masas de árbores farán cair máis auga da que en forma de neboeiros pasa lambendo as copas e que logo pingará ao pé deles. E toda esta auga mansa irá chegando ás nosas casas, ás presas hicroeléctricas, convertíndose nun tesouro xa como enerxia, xa como auga de consumo.

Inda queda outra producións do monte que non se pode medir dun xeito simple, trátase do valor paisaxístico, da influéncia dos árbores na eliminación de contaminacións aéreas, a producións de osíxeno, e dunha maneira xeral a contribución das árbores a o benestar das persoas.

Pois ben, feito este limiar, imos tentar facer entre hoxe e outros dias vindeiros un plantexamento do que un grupo homes novos que traballan no monte galego e coa vista posta na mellora das condicións de producións e equilíbrio do mesmo, pensa das solucións que se lle poideran dar aos problemas que están plantexados; lévanos somente a idea de cumprir co compromiso que temos coa nosa terra.

A MADEIRA

O primeiro dos eidos da producións do monte que imos tratar vai ser o que nós consideramos que ten máis importáncia: A madeira.

A madeira producida polos montes galegos está perto do trinta por cento de toda a producida no Estado Español.

A capacidade produtiva dos nosos montes é extraordinária xa que nalguns casos pódense producir do orden de cuarenta metros cúbicos por hectárea e ano. Isto fai que nós poidamos convertir a enerxia do solo en matéria seca que logo pódese transformar en enerxia, e ser utilizada de moitas maneiras diferentes.

Pois ben, estes montes nosos teñen unhas grandes posibilidades de facer medrar moitas castes distintas de árbores madeireiras; algunhas destas castes están nesta terra desde hai miles de anos outras chegaran moito despois e outras aínda están por chegar ou somente están postas como mostra do que poderian ser.

Esta capacidade produtiva, e o feito de que esteamos situados nun paralelo no que están grandes masas forestais noutros continentes, fai que teñamos a posibilidade de producir aquilo que hoxe se nos vende a précios moi altos.

Por outra banda, cando entremos no Mercado Comun, nós teremos os montes máis produtivos de toda Europa, coa capacidade de dar a madeira que eles non teñen e que necesitan; este é o caso das madeiras de febra curta tal como os eucaliptos que teñen moi boas propriedades para facer papel e taboleiros de madeira dos que xa hoxe estanse a exportar.

Das castes de madeira e do xeito de empregalas no monte, falaremos no próximo número.

COLECTIVO LOURIZAN.

UNHA RADIO CON MARCHA,
CON GANCHO
CON IDEAS

VEN CONNOSCO

Estamos, na Onda Media en 1.224 Kcs/S,
e na Frecuencia Modulada en 87,8 Mhz
POR UNHA RADIO MAIS NOSA

Radio Popular
DE VIGO



NEPOTISMO, INEFICA, O

VIDA E MILARES

Eles fixeron o pacto e estano gardar
informacións que
Atrás quedaron as declaracións do Sr.
contas das distintas consellerias. Ago

Alguén pensaria que todo cambiou,
Agora ben, o desmedido interés existe
que
Aqui tratamos de contarlle algo desta
que lle queren ocultar ao povo gale

Galiza non se concedeo asi mesma a Autonomia. Os resultados do Referendum asi o demostran. Pero hai máis; toda esta situación autonómica que nos toca viver —alguns din sofrir—, foi a consecuéncia dun pacto. Pacto que abarcou até a formación da nova Xunta e no que xogaron forte e tamén suxo, os chamados galeguistas históricos. Eles foron os que impulsaron a autonomia e situaron aos seus peóns até conseguir o actual Goberno, pero sempre esquecendo o seu nome de galeguistas, co que enganaron a moitos querendo situarse por enriba do ben e do mal.

Agora as cousas quedaron médio claras.

Os pactos, que se fixeron a duas bandas, comezaron no Pazo de Pompeán onde estaban a case totalidade dos galeguistas históricos, con Ramón Piñeiro á cabeza, home que vai mangonear o actual proceso autonómico e preautonómico até chegar a situar o Garcia Sabell de Delegado do Goberno e Fernández Albor como Presidente da Xunta, asi como a numerosos conselleiros aditos ao *"piñeirismo"*.

Hoxe pola *"mesa camilla"* de Ramón Piñeiro pasan desde os homes de AP, UCD, PSOE, no que está inscrito como parlamentário, até os próprios PC, asi como alguns periodistas que o informan e logo fanse eco das suas posturas.

Ali, no pazo de Pompeám estaba o xerme do que logo seria Realidade Galega e Mariano Dónega levaba no bolso un borrador, dirixido na sua feitura por Piñeiro, no que ia exposto os princípios básicos da que alguns chaman *"Operación Galiza"*.

O primeiro paso desta operación seria a constitución de *"Realidade Galega"*, que aínda que aparentemente non foi adiante, si que cumpliu os seus obxectivos.

O segundo paso seria acercarse ao rei Juan Carlos e máis tarde pactar con el a *"Autonomia para Galicia"*. García Sabell xogou aqui un papel preponderante.

Chegamos asi ao dezaoito de abril do setenta e oito: constituíase a primeira Xunta.

Rosón é o seu presidente.

UNHA XUNTA NEPOTISTA

Se hai un calificativo que se poda otorgar á Xunta até sen lugar a trabucarse, ese é o de *"nepotista"* diferenciándose en pouco as duas etapas. a de Rosón e a de Quiroga.

Nas distintas consellerias entraron a traballar sempre familiares e amigos dos dous presidentes, principalmente, ou dos dirixentes de UCD, aínda que tamén o PSOE, via Piñeiro, logrou introducir algunha xente, como tamén os *"Galeguistas históricos"* **o fixeron.**

O seu ponto de procedéncia tamén pode ser un dato significativo: unha boa parte dos empregados poidera chegar ao vinte por cento, proceden de Lugo ou do Barco e zonas limítrofes ou de influéncia destas familias.

Por non meternos cos empregados, xa que hoxe en todos os lados aínda se segue a entrar con enchufe, poñeremos tres ou catro casos significativos.

Estes ben poideran ser os de Vitorino Rosón, sobriño de Antón que entrou como Secretário Político do presidente, que representaria asi aos do alto *"staff"*.

Os simples empregados podíanse ver representados polo fillo do administrador das granxas do Presidente Quiroga, ou o fillo dunha tia, que entraron de conserxes e de chóferes.

Asi, poderíase coller a un por un dos empregados e poderíamos ver as suas relacións e o porqué da sua entrada. Nengun por oposición ou por méritos.

OS PRIMEIROS CARGOS, INTERVENTOR E DEPOSITARIO

Pódese tamén afirmar que para moitos algos cargos da Xunta que chegaron ao posto via *"cargos de UCD"*, este organismo nunca iles foi óbice para abandoar as suas obrigacións laborais particulares, onde seguiron traballando.

Alguns seguiron conservando os seus postos de traballo traballando para a Xunta unhas horas, pero isto xa de Directores Xerais e cargos intermédios para baixo.

Outros entraron a traballar na Xunta en comisión de servícios procedentes da Administración.

E significativo o dado de que os primeiros cargos en cobrir fosen os de Interventor e Depositário, ambos procedentes do Axuntamento de Santiago.

Agora todo o mundo anda con medo, xa que o poden botar en calquera momento porque están por contrato. Como dicia un destes empregados: *"aínda que entramos por enchufe, queríamos ter ben amarrados, pero o que nunca pensaron eles é que fosen perder as eleicións"*.

Agora toda aquela xente que entraba ao traballo, é un dicer, ás dez e média ou once da mañá, entra pontual.

NENGUNHA SECRETARIA SABIA ESCREBER EN GA

Outros dos dados il vos da Xunta é o de que rande parte do person soupera falar galego, o menos, non eran galeg tes.

Os presupostos da Xunta para o ano oitenta e
con eses 1.666.2220.777 ptas. de presuposto

INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO	
Servícios	39.7
Adquisición de Accións Empresas	25.0
Promoción Turística	1.5
Estruturas Comerfciais	225.2
Locais Turismo	2
Locais Indústria	1.2
Servícios	37.1
Plans de Urbanismo e Cartografia	165.1
Total	647.0
PESCA	
Servícios	16.9
Novas Dependéncias e Instalacións	50.0
Fomento Marisco e Acuicultura	46.9
Estudios Técnicos, Científicos e Económicos	30.0
Plan Marisqueiro	163.2
Restruturación Flota	33.3
Vixiláncia Pesqueira	16.6
Ordenación Pesca	10.0
Ordenación Cultivos Marinos	35.0
Total	402.0
TRABALLO	
Servícios	10.4
Total	13.8

FICA, OBSCURANTISMO...

LARES DA XUNTA

gardar que non facemos pactos non imos gardar as
s que lego ten dereito a saber.
o Sr. rmando que ian facer auditorias do estado de
s. Ago sposta é: *"non estou autorizado a informar*
ión".
ou, o autonómico ao que chaman democrático.
existen tar a etapa anterior, máis ben parece mostrar
que guir igual.
esta eren silenciar, asi como alguns dos *"milagres"*
o gale ia teremos máis, se cadra xa relacionados
cadura.
amos.

ntual. De moitos destes empregados pódese afirmar que son unhas persoas antigalegas xa que frecuentemente se rien de todo o galego.

TARIA EN GA dos il le que erson go, ou galego Vala tamén de exemplo o caso de que nengunha das secretárias existentes na Xunta sabia escreber o galego como para ir de Secretária para o Parlamento, polo que tiveron que contratar a unha valenciana para este cargo. De risa.

LIOS, LIORTAS E DEMAS ZARANDAINAS DA EPOCA ROSON

Cando toma posesión Antón Rosón como Presidente da Xunta, aparece —na revista *"Interviu"* aquel famoso artigo titulado "A Saga dos Roson" que levantou un gran revó.

Un dos primeiros que se aprestou a defender a Rosón foi Ramón Piñeiro, que mantuvo seguidamente unha reunión con este, na que estaban presentes Pardo Montero e Marino Dónega.

Na época Rosón, que se caracterizou polo consenso, seguindo o *"pacto-directriz de Piñeiro"*, producíronse várias tensións por culpa do nomeamento das consellerias.

Pardo Montero, home de absoluta confianza de Rosón, e nomeado para o cargo de Conselleiro de Ordenación do Territorio, cargo que queria Meilán Gil. Rosón faille o ofrecimento doutras consellarias pero Meilán non quere.

Ao frente da Consellaria de Cultura situan a Marino Dónega.

Na época Rosón tamén se produce a incorporación á Xunta, na C. de Indústria de Benxamin Casal, home de Piñeiro que logo iria ás eleicións nas listas do Partido Socialista Obreiro Español.

Na de Pesca sitúase a Baldomero Fernández Calviño, de xestión xa coñecida para os nosos leitores; poñéndolle ao lado a un home do PSOE, González Laxe, polo que se produciu unha gran polémica interna.

Incluése tamén neste Goberno Preautonómico a homes de recoñecida lealtade franquista, como Fernández de la Mora.

RESTRUTURACION E LOITAS

As restruturacións habidas no seo da Xunta na época Rosón están presididas polas loitas entre as distintas familias ucedeas, con Rosón-Franqueira na disputa polo control e por situar peóns, mentras Cabanillas xogaba desde fóra e Meilán intentaba tamén sacar partida á sua posición.

Rosón consigue manter en Ordenación do Território, a Consellaria máis apetecida por todos, a Pardo Montero, pero Franqueira logra introducir a Trillo e a Quiroga, que logo xogarian un papel preponderante na vida nesta institución.

Tamén se produce nesta restruturación a incorporación de xente próxima a Piñeiro como Pedro González Rodríguez e Viana Conde.

DIMISION DE ROSON E EPOCA QUIROGA

O dia trinta de Xuño do setenta e nove acéitase a dimisión de Antón Rosón. Comeza asi a época Quiroga.

Caracterízase esta época pola incapacidade e os erros políticos asi como pola incorporación á Xunta de homes procedentes do aparato franquista.

Cesa Vitorino Rosón no cargo de Secretário Político e noméase a Crespo Alfaya para o cargo, home de Cabanillas que ocupou numerosos cargos durante a ditadura, e que será quen controle todo o aparato da institución.

Tamén se produce a ascensión aos postos directivos de homes próximos a Franqueira que impón asi a sua liña.

Como inspiradores ideolóxicos desta etapa están, entre outros, Vitorino Núñez Rodríguez, que entra como conselleiro sen carteira, e Trillo, home que sonou ás veces como sustituto de Rosón.

Prodúcense aqui incorporacións estrañas como a do zaragozano García Ascaso, que crean numerosos problemas no seo da institución e entre as distintas famílias.

PRINCIPAIS FALCATRUADAS

Ademais de non facer nada, agás de darlle á nación un claro exemplo de incompeténcia e de desprestixiar, aínda máis, á autonomia, a Xunta, nesta etapa anterior, non fixo nada.

No seu haber está que o primeiro dictamen da conselleria de Traballo fora variar a senténcia dun tribunal de Lugo e fallar contra dos obreiros dunha fábrica de taboleiros de Nadela, perto de Lugo.

Logo viria a farsa de Quiroga en Paris, ali os emigrantes, e a contestación destes, e as campañas eleitorais, a do bócio, e a do Referendo, que deron unha boa mostra de ineficácia, producindo a última bastantes protestas nos meios galegos, xa que o seguiron facendo en Madrid.

Para rematar, e non recordarlles máis cousas tristes, as ledas non as houbo, e se existiron, que agora as saquen á luz, citaremos o caso da campaña de promoción do Turismo e dos famosos "panfletos". A sua imaxen pode ser ampliamente ilustrativa do que foi a Xunta na "época Quiroga".

Veremos o que nos depara a próxima, até agora o obscurantismo.

A. EYRE

que sigue, xulguen vostedes as obras que se fixeron das distintas consellerias. Pesca sen ir máis lonxe...

EDUCACION E CULTURA	
Aluguer	250.000
Servicios centrais	2.568.331
Outros	2.572.318
Bibliotecas	24.598.016
Lotes Libros	12.516.335
Cursos Galego	17.241.080
Deporte Escolar	23.061.725
Total	105.923.805
PRESIDENCIA	
Servicios	126.008.804
Referendun	35.000.000
Secretaria Xeral	11.815.705
Administración Local	18.257.534
Total	161.008.804
AGRICULTURA, GANADERIA E MONTES	
Total	16.254.875
SANIDADE E SEGURIDADE SOCIAL	
Mapa Sanitário	6.500.000
Unidade Móvil Exames Saúde	7.000.000
Control Alimentário	10.000.000
Protección Bócio	10.000.000
Sanidade ambiental	18.000.000
Prevención	10.115.356
Total	124.838.958

O AVANCE DO NACIONALISMO GALEGO: ¿COMO?

UNHA PROPOSTA PARA UN DEBATE NECESARIO

Unha proposta para un debate necesário.

O Congreso da UPG que ven de rematar o dia 10 do derradeiro mes adquiria unha especial importáncia non só por celebrarse despois de dous anos preñados dunha actividade intensa que, sen dúbida, reportaria fructíferas experiéncias, senón tamén porque nese intre culmina —coas eleicións ao Parlamento Autonómico Galego— formalmente o proceso de instauración do sistema democrático no noso País, tendo diverxido inda ben a situación política de cando este proceso se iniciba, reorganizándose as clases dominantes a todos os niveis, aparecendo.decididamente na escea política factores deica hoxe ignorados, (desde a óptica da UPG) nun clima de crecente tensión internacional e de propaganda antisocialista utilizando, mal que nos pese, feitos reais.

Neste contexto, o esmagante peso da dereita quedou de manifesto despois da derradeira confrontación eleitoral, termómetro que mediu outrora un importante avance do nacionalismo e cuxos datos mostran hoxe o estancamento do mesmo, feble no seu conxunto, inda que a única esperanza para Galiza.

Neste contexto, o recorte das libertades democráticas, a progresiva paralización social, o intento de illar as organizacións nacionalistas e progresistas están reforzados por unha correlación de forzas hostil é unha falla, no caso que nos ocupa, de saber como combater esa política, cómo establecer unha ponte entre a realidade presente e os deseos irrenunciábeis e indeclinábeis para que a Nosa Pátria poida ter futuro.

Quen mantivemos unha postura discrepante coas teses oficiais da U.P.G. éramos e somos tamén conscientes de que o estancamento actual non só obedece a causas externas senón tamén internas, que descansan en concepcións políticas e organizativas que, sendo válidas noutros contextos ou noutras épocas teñen demostrado a sua ineficácia e inadecuación ao longo destes anos.

Sen pretender "inventar" nada, o noso esforzo estivo e está destinado a profundizar na via política, única válida neste contexto, correxíndoa e matizándoa para non ter, quizais, que inventar a realidade e o País ou, cair en contradicións entre o que se postula e o que se fai, sen aclarar realmente por ónde e ónde se quere ir.



1.- O carácter colonial de Galiza.

Galiza é unha nación integrada nun Estado plurinacional, o Estado Español, sometida a unha opresión de carácter colonial por parte das clases dominantes do Estado. A nosa dependéncia cínguese efectivamente a unha explotación económica asi como á opresión cultural e á caréncia de Soberania Política, os demais aspectos tipicamente coloniais están ausentes no noso caso. Isto, xunto co contexto en que nos situamos, histórica, cultural e xeopoliticamente, coa formación social galega, coa evolución concreta do noso povo, alónxanos de calquera modelo colonial clásico ou terceiromundista e, xa que logo, dos seus esquemas de organización e de acción política populares para a liberación nacional.

2.— Papel da democrácia neste contexto.

A democrácia é o resultado histórico da loita popular durante séculos; é unha conquista política e social irrenunciábel. E certo que a democrácia como sistema político acompaña na sua instauración ao ascenso da burguesia como clase dominante, conlevando que esta, na defensa dos seus intereses de clase, tente adaptar o sistema democrático ás suas necesidades, chegando mesmo a suprimilo pola forza cando lle compre. Portanto, na democrácia burguesa, as libertades civís aparecen, para as clases populares, limitadas, mediatizadas, desvirtuadas. E tarefa, pois, da clase obreira, das clases populares, da política marxista, defender as libertades, ampliar a democrácia, extendela a todo o povo, neutralizando á burguesia imperialista polo través da loita de clases e o control do Estado. Isto supón, de feito, a destrución do Estado burgués e a instauración da democrácia socialista, democrácia moito máis completa para os traballadores que a democrácia burguesa.

3.— A democrácia español : o marco constitucional e autonómico.

A transición á democrácia como resultado das necesidades das clases dominantes e da loita nacional e presión popular foi hexemonizada polas clases e forzas dominantes do Estado, tndo como expresión política fundamental o Texto Constitucional do 78 que é o reflexo da correlación de forzas existentes. A Constitución sintetiza esa correlación e demarca a forma e contido do novo réxime: un Estado unitário e un sistema democrático-burgués, inequivocamente españolista e, xa que logo, negador dos instrumentos políticos e económicos para dar solución aos problemas de Galiza.

O proceso descrito, crea unha nova situación cun marco político de actuación que nós debemos e imos utilizar, marco inevitabelmente eivado (libertades civís limitadas, modelo económico político e social imperialista), pero que, quéirase ou non, é o único terreo para actuar eficazmente, no proceso de transformación da nosa sociedade e na conquista do autogoberno. O noso combate e actuación política e social debe pois darse neste marco político, sen que iso signifique que esteamos dacordo con moitos aspectos da sua formulación legal actual. A construcción do socialismo e a conquista da Soberania Nacional en Galiza, só pode ser realizábel e críbel no contexto da correlación de forzas internas, no Estado e a nivel internacional, estando o noso proceso ligado ao proceso revolucionário en todo o Estado e senso só posíbel polo través da loita política e económica e da via política e democrática cara construir a hexemonia do nacionalismo, aproveitando as canles que se ofrecen, o que non supón dar por válido o Sistema.

Imponse pois a necesidade incuestionábel de utilizar o marco autonómico non para desvirtualo nen desestabilizalo, (a posibilidade dun estrepitoso fracaso do Estatuto e/ou a sua inviabilización iria unido a un estancamento, cando non a unha indudábel involución, do proceso democrático apenas iniciado no Estado, e, xa que logo, retardatário para o proceso de avance do Socialismo e do Nacionalismo), senón para utilizalo nunha doble via: evidenciar a sua cortedade para dar solución aos problemas do País, esixindo máis competéncias e denunciando as cortapisas do Goberno Español (LOAPA), e na de utilizar os seus, hoxe reducidos, instrumentos, para dar as solucións puntuais posíbeis.

Xa que logo, o noso obxectivo de superar cualitativamente o Marco, en coeréncia do devandito, debe encamiñarse a dotar de competéncias e dun contido nacional galego o Marco Autonómico, reforzando e apoiando toda política que fortaleza a conciencia nacional e cre as necesidades sociais do progresivo enfrentamento coa política indudabelmente a conseguir os obxetivos estratéxicos da Soberania Nacional como solución aos problemas de dependéncia, concretada daquela no PACTO CONFEDERAL.

4.- A hexemonia do nacionalismo. A via política e democrática.

A unidade do nacionalismo.

Dada a actual correlación de forzas a nivel internacional, coa existéncia de Bloques político-militares, faise evidente en Europa, que non é posíbel o cámbio social pola via da vitória dunha poténcia sobor da outra, salvo no hipotético caso de Guerra, —inevitabelmente nuclear—, que as forzas amantes da Paz e progresistas debemos, non só rexeitar, senón combater.

Asimesmo, calquer táctica política encamiñada a un enfrentamento frontal co aparato do Estado nun **"hipotético intre optimo"**, (insurreccionalismo, via armada), neste contexto, conducen ao testimonialismo e ao vengardismo hoxe e ao fracaso e mesmo ao reforzamento do Imperialismo, pola utilización dos seus instrumentos estatais intactos e poderosos.

A nosa revolución, pois, só é posíbel por un modelo novo, favorecendo a participación na loita dos traballadores, na loita popular e nacional, —antimperialista—. Pensar nunha revolución que nos cámbie de campo é cair no utopismo mecanicista ou no catastrofismo acientífico da caída en picado do **"capitalismo corrupto"**, de claro carácter antimarxista.

Neste senso, non hai posibilidade de cámbio social sen que o noso proxecto político sexa hexemónico no povo a través da via política e democrática. Daí a importáncia das organizacións de masas, cívicas, culturais,... cara a autoorganización do Pais, a sua concienciación e movilización progresivas, da nosa preséncia nas institucións do avance eleitoral, e da unidade do nacionalismo, evitando absolutamente o testimonialismo político.

En vista da situación actual da sociedade galega podemos concluir que o nacionalismo é aínda flebe, —relativamente— e atópase moi lonxe de ser unha forza hexemónica. Non obstante o seu carácter popular é inexquívoco.

A contradición nacionalismo-españolismo de esquerda só pode superarse polo combate ideolóxico e político que mostre a necesidade de que o povo galego se dote de organizacións próprias, independentes, partindo da necesária concepción de Galiza como marco de actuación política, institucional e de loita de clases, desde posicións progresistas, populares e antimperialistas.

A política de unidade do nacionalismo, tanto no terreo político como no das organizacións de masas cívicas, cidadáns, culturais, feministas, ecoloxistas, etc., baixo os eixos claros da AUTOORGANIZACION e a SOBERANIA NACIONAL, faise hoxe imperiosa para a viabilidade destes obxectivos, para a sua introdución social cada vez máis ampla, para a sua hexemonia, para a viabilidade dunha Galiza Soberana e Socialista.

O proxecto de Frente Interclasista cun Partido como motor dirixente e dinamizador fracasou por múltiples motivos. En coeréncia cos plantexamentos anteditos e superando as divisións históricas do movimento obreiro internacional estamos por un Partido capaz de reagrupar a todas as forzas nacionalistas e progresistas, **marxista** non dogmático, **nacionalista** e **revolucionário,** que defenda e loite pola consecución do **socialismo, democrático** na sua construción e funcionamento e de **masas.**

Neste senso propugnamos e defendimos no Congreso que a UPG, asumindo os presupostos políticos anteditos, se pronunciase por iniciar e promover a converxéncia coa AN-PG e o PSG cara a reagruparse nun Partido das características que enunciamos, iniciase asimesmo contactos con Esquerda Galega cara converxer na actuación política, social e institucional e intensificase a relación con outras forzas políticas de esquerda cara a actuación diante de cuestións concretas.

Xesus Arrizado Yáñez; Marisa Canto Reboredo; Sabela Carreira Rodríguez; Cristina Baamonde García; Manuel Castiñeira Castiñeira; Xosé Manuel Díaz García; Carme Díaz Simón; Lola Fernández García; Xesus Fernández Vidal; Xosé Ramiro Gaioso Neira; Manuel García Mel; Pedro Luaces Gonzales-Rosón; Lois Matías Sánchez; Froilán Pallin Seco; Ovídio Pérez Yáñez; Lois Rodríguez Arias; Xosé Ramos Rodríguez; Celsa Varela García; Dolores Varela Salgueiro; Ana Varela; C. Fernández.

Eleicións en Andalucía

Sondeos para o PSOE

Andalucia, ante as eleicións que se celebran o domingo 23 de maio, móvese nestes intres entre unha aguda crise económica (agravada aínda mais polos desastrosos efectos da sequia nos sectores agrícola e gandeiro) e unha certa apatia ante as ofertas da maioria dos partidos.
Inda que a campaña eleitoral propriamente dita non empezará deica o dia 2 de maio, toda Andalucia tópase xa sumerxida en plena campaña pre-eleitoral.

DISTRIBUCION DE ESCAÑOS

Sevilla	18
Cádiz	15
Málaga	15
Córdoba	13
Granada	13
Jaén	13
Huelva	11
Almería	11

TODOS APOSTAN POLO PSOE

Segundo a totalidade dos sondeos de opinión pública efectuados nos últimos meses, o PSOE será con toda seguridade o gañador nas eleicións ao Parlamento andaluz, aínda que non cunha maioria suficiente para ogbernar en solitário, xa que as porcentaxes que se lle adxudican oscilan entre o 40 por cen e o 45 por cen.

Neste ambiente triunfalista celebrouse o III Congreso de PSOE andaluz, onde a nova executiva foi elexida por aclamación dos delegados, tratando de dar asi unha imaxen de partido unido e forte en contraposición ás crises que padecen os seus principais opoñentes.

Luis Yáñez segue como presidente, e José Rodríguez de la Borbolla como secretário xeral. A novedade máis sobresaínte foi a inclusión de Rafael Escuredo, presidente da Junta de Andalucía, na executiva en razón ao cargo que ocupa. Rafael Escuredo será o candidato do PSOE á presidéncia da Junta.

UCD: DE MAL EN PEOR

A ministra de Cultura, Soledad Becerril, foi elexida Presidente de UCD en Andalucía no segundo Congreso do seu partido celebrado o pasado fin de semana en Torremolinos. A única relación que a nova Presidente ten con Andalucía é a de estar empadronada en Sevilla, a pesar de que vive habitualmente en Madrid, desde hai anos. O descabalgamento de Pérez Millares da presidéncia parece ser debido ao veto dos empresários a que continuara no posto.

Luis Merino Bauona, un descoñecido abogado malagueño foi o designado como dandidato á Presidéncia da Junta. O único que coñecemos da sua traxectória política, é que é un home de Pio Cabanillas, e que estaba ligado aos antíguos axuntamentos franquistas da vida malagueña. Un dos feitos máis significativos deste congreso foi a decisión tomada de lanzar un S.O.S. a independentes para que se presenten nas listas centristas, tratando de salvar asi a nave centrista que en Andalucía navega á deriva.

Dicer que UCD vai sofrir un descalabro nas próximas eleicións andaluzas non é xogar a adivino, senón que ven marcado, dito descalabro, por duas razóns fundamentais:

1.— A opinión que ten o povo andaluz da má xestión de goberno realizada por UCD.

2.— As trabas que puxeron para que a autonomia andaluza se desenrolase a través do artículo 151 da Constitución española.

Manuel Martín Almendros, xefe dos empresários en Andalucía anunciou que a clase empresarial vai organizar unha forte campaña institucional pedindo o voto para partidos que defenden a economia de mercado, referíndose explicitamente á UCD e AP. Cousas claras: o partido de Clavero non é ben visto pola CEOE, quedando excluído desta campaña.

CRISE NO PCA

A crise do PCE repercute, como é lóxico, no seu filial en Andalucía, o PCA, a pesar de que o sector renovador é minoritário no PC andaluz.

En Málaga marcháronse do partido cinco membros do comité local que pertencian a dito sector, e en Sevilla Amparo Rubiales tamen abandonou o partido a petición do secretário provincial por asistir sen permiso ao congreso do PSOE. No resto das províncias non hai deica o momento máis desercións.

Os dias 13 e 14 de febreiro reunirase o comité central do PCA para elaborar as listas e eleitorais. Con toda seguridade, o candidato á Presidéncia será o seu secretário xeral. A maior parte dos candidatos serán militantes que xa ocupan cargos públicos, polo que o PC busca máis o voto ao home e á sua xestion pública que o voto ao partido. Segundo fontes do próprio PCA, eles esperan sacar un 18 por cen de votos, o que significa 15 ou 17 escaños.

A RENTA POLITICA DO PSA

O Partido Socialista ANdaluz-Partido Andaluz deu o "campanazo" nas eleicións xerais do 79, sacando —contra todo pronóstico— cinco diputados. Logo viñeron os "coqueteos" con UCD, e este feito costoulles unha crise interna que aínda padecen, e a perda de militantes e eleitores, feito que se constatou nas eleicións parciais ao senado, celebradas o pasado ano nas províncias de Sevilla e Almería, onde cederon miles de votos, a maior parte deles en favor do PSOE.

Luis Uruñuela, alcalde de Sevilla, será o candidato á presidéncia. As listas completas non estarán elaboradas deica primeiros de marzo, sendo encabezadas seguramente polos secretários provinciais.

Aínda que Rojas Marcos pensa que serán —despois das eleicións— a segunda forza política andaluza cun 25 por cen-30 por cen, é moi posíbel que sigan sendo a cuarta, despois do PC.

A ILUSA ILUSION DE AP

Tras o trunfo nas eleicións ao Parlamento galego, os homes de AP están cheos de eufória e pensan que o seu éxito en Galiza é trasplantábel a Andalucía.

Esquecen duas cousas: a primeira é que, mentras nas catro províncias do país galego conseguiron catro diputados nas eleicións do 79, nas oito andaluzas non conseguiron nengun; e a segunda cousa, e a máis importante, é que en Andalucía non dispoñen da infraestrutura caciquil coa que contan en Galiza. Ademais, nestas eleicións teñen que buscar novos camiños de financiación, postos que non poden recurrir a moitos bancos xa que aínda deben créditos pedidos para as eleicións de 1977.

A pesar de todo, o II Congreso rexional de AP estivo tinxido por unha animación vitoriosa. Jorge Verstrynge asegurou que quedarian en segundo lugar, dando asi a "puntilla" á UCD. Tamén afirmou que o seu partido era o único que se podia contrapoñer ao socialismo.

Antonio Hernández Mancha, abogado do Estado, de 30 anos, foi reelexido presidente rexional por 218 votos a favor e catro en contra, asi como candidato á presidéncia da Junta.

Curioso: entre os invitados atopábase Manuel Clavero, sendo recebido con cálidos aplausos polos congresistas. Dixo que non formaria parte das listas de AP, e que estaba ali porque lle interesaba o que ocurre no partido de Fraga.

POUCAS POSIBILIDADES PARA UNIDAD ANDALUZA

Unidad Andaluza, o partido creado polo ex-ministro de UCD Clavero Arévalo, recebirá o seu bautizo eleitoral nestas eleicións. Parece ser que tan só ten a posibilidade de sacar un escaño na província de Sevilla.

AS INCOGNITAS

As incógnitas máis grandes son os homes de Garrigues Walker e os de Fernández Ordóñez. Os primeiros son ben vistos por certos sectores da mediana empresa, e en canto aos segundos hai que ter presente que o antíguo sector socialdemócrata de UCD é eminentemente andaluz . . .

CLASIFICACION DAS FORZAS SEGUNDO OS SONDEOS

1.º	PSOE
2.º	UCD
3.º	PCA
4.º	PSA
5.º	AP
6.º	UA

ELEICIONS XERAIS
(1 Marzal 1979)

Votantes:	68,75 por cen
Abstencións:	31,25 por cen

ESCAÑOS

UCD	24
PSE	23
PCA	7
PSA	5

En definitiva a dereita preséntase bastante dividida, razón pola cal xa se ouven as primeiras chamadas en pro dun agrupamento dos partidos *"responsábeis"* —para evitar o trunfo das forzas marxistas en Andalucía.

XOSE H. LODEIRO

FAGA UN PEQUENO ANUNCIO NUN SEMANARIO AMIGO

A NOSA TERRA

LIBRERIA XA
Vila de Negreira. 3
Tlf. 261975
A CORUÑA

Euskadi

¿Qué pasa cos "poli-milis"?

Desde o pasado 27 de febreiro do 1981 ouvírase falar moi pouco deles. Da noite para a mañá (exactamente do sábado 16 ao domingo 17) voltaron saltar á palestra. Trátase dos coñecidos popularmente como "primos" (de p-m), os "liquis" (de liquidacionistas) ou "poli-milis". Entre a espectacularidade e o sensacionalismo, o estatuto, as especulacións e a pátria de Walkirias, teñen servido para dar pé aos *"cinco segundos máis gloriosos da policia mundial"*. Como sempre cando se trata deles, en Euskadi ninguén entende nada.

Todo empezou cando os "GEO" puxeron o *"happy end"* ao secostro do doutor Iglesias, ás duas horas do dia 17 nunha operación policial calificada de "perfecta" por Joaquín Domingo Martorell, comisário xefe da unidade operativa do MULC (Mando Unificado da Loita Contraterrorista, antes MULA). O luns 18, en roda de prensa celebrada en Madrid, Martorell e Ballesteros analizaron a liberación do secostrado, asi como a situación dos "poli-milis": *"Sábese que hai unha fracción de ETA (P-M) que non aceitou o alto o fogo decretado pola organización. O sector que levou a cabo o secostro do doutor Iglesias é minoritário"*.

Un comunicado posterior dos "polis-milis" botaba por terra as especulacións policiais: *"ETA, organización armada para a Revolución Basca, asume a responsabilidade do arresto de Julio Iglesias Puga. A detención casual dun militante da nosa organización o pasado xoves en Bilbao, posibilitou o desbaratamento da operación; non obstante, iso non significa en absoluto a ruptura da trégua que vimos mantendo desde o 27 de febreiro do ano pasado. O aprovisionamento de meios financieiros é unha necesidade permanente da organización; isto non implica nengunha alteración da nosa decisión de alto o fogo"*.

En Euskadi, as reaccións non se facian esperar. EE-IPS (Euskadiko Ezkerra-Izquierda para el Socialismo) condenaba o secostro sen paliatívos, calificándoo de coacción e contrário á normalización cidadana e aos máis elementais critérios de convivéncia. J.M. Bandrés declaraba pola sua parte:

"Non descarto a posibilidade de que o secostro do doutor Iglesias poida ter sido cometido por persoas que pertenecéron á organización ETA (P-M), pero que hoxe non gardan dependéncia orgánica dela. Nós, o Comité Central de EE-IPS recebimos a notícia con verdadeiro estupor e carecemos de dados para asegurar que o secostro sexa unha acción da própria organización ETA (P-M)".

Mentras tanto, a Oficina de Prensa de HB difundia un comunicado en relación ao tema:

"O frustrado secosto do doutor Iglesias é unha operación que non garda relación directa nen indirecta coa vida política basca e cuxas consecuéncias van recair unha vez máis sobre a esquerda abertzale dada a proxección internacional que tivo este secostro e o descoñecimento que neste ámbito existe sobre a diferéncia entre ETA (M) e os escindidos "poli-milis", aínda que todos coñecen as siglas ETA. Se se ten en conta a nota deliberadamente confusionista do MULA, que mete no mesmo saco detencións que nada teñen que ver entre si, hai que ser cegos para non ver que as consecuéncias de todo isto van fundamentadas no interés de constituir a cobertura internacional necesária que lles permita silenciar a oleada de represión xurídica e penal contra as organizacións políticas da esquerda abertzale".

O mércores dia 20 de xaneiro, desenrolábase unha operación policial mediante a que se descobrian nun caserio do val vizcaíno de Asúa cinco toneladas de armas e explosivos pertencentes aos "poli-milis" e propiciada, segundo nota oficial, polas declaracións dos detidos tras o secostro do doutor Iglesias, sendo arrestados Lidia Fonbellida, nai de nove fillos e proprietaria do caserio e José Angel Bilbao. Na operación a policia era acompañada por José Luis Gutiérrez, albañil e dono da casa de Trasmoz onde fora achado o doutor Iglesias e cuñado de Lidia Fonbellida.

Nunha nota do MULA (hoxe MULC) denunciábase a perténcia de J.L. Gutiérrez García a ETA (P-M) desde o ano 1979, sendo o seu primeiro traballo a construción do "zulo" no caserio de Erándio. Nesa mesma nota, deixábase constáncia da detención doutras 11 persoas vencelladas aos "poli-milis", entre as que figuraban cinco mulleres de Madrid e dous membros liberados da organización. Ese mesmo dia, o Goberno español suspendia indefinidamente o traslado de presos de ETA (P-M) á prisión alavesa de Nanclares de Oca e prolongado tamén "sine-die" a estáncia dos presos de ETA (M) no Puerto de Santa María, onde se dera por terminada a folga de fame tras 37 dias.

Nestas datas, multiplícanse as especulacións sobre o futuro de ETA (P-M). No ámbito basco, estrañaba moito que unha organización armada coa experiéncia dos "poli-milis" poidera ter nun só lugar todo o seu arsenal bélico, asi como o rápido proceso seguido pola policía española. O periódico bilbaíno DEIA, afin ao PNV, publicaba o xoves 21 unha notícia citando fontes cercanas á organización, segundo a cal se estaba desenrolando un forte debate interno sobre a conveniéncia ou non de romper a trégua, sendo maioritário o sector partidário de voltar á loita armada. Pola sua parte, o ministro español de Asuntos Exteriores, Pérez Llorca, saia ao paso dunha información aparecida na prensa francesa e avalada pola axéncia "France-Presse", segundo a cal a organización ETA (M) consideraba que no fondo do problema existia un acordo entre o Goberno español e os "poli-milis", acordo que presupoñia a auto-destrución de ETA (P-M), a cámbio do recoñecimento de EE como interlocutor privilexiado en Madrid.

O venres 22 chegaban a Euskadi duas novas notícias: por un lado, Bandrés e Onaindía entrevistábanse con Rosón en Madrid e por outro, 14 presos de ETA (M) eran trasladados urxentemente de Carabanchel a Soria, *"por razóns de seguridade"*.

Por último, o martes 26, o Comité Executivo de EE-IPS acordaba *"reiterar o chamamento ás organizacións armadas bascas para o alto o fogo"*; este chamamento era dirixido a ETA (P-M), ETA (M) e Comandos Autónomos, *"para mantelo no caso de ETA (P-M) e para inicialo no caso de ETA (M) e Comandos Autónomos"*.

A última notícia recebida, que facia referéncia á detención por parte da policia francesa, de sete refuxiados bascos, presuntos membros dos comandos autónomos anticapitalistas e de ETA político-militar cando intentaban cruzar a muga basca por Ibardin, en dirección a Gipuzkoa. Ao confirmarse que nengunha das sete persoas portaban armas foron postas en liberdade.

Este feito deu lugar a unha série de especulacións das que se facia eco o xornal español Diario 16, aventurando a posibilidade dunha unificación entre as duas organizacións armadas, diante da negativa de ETA militar de ademitir no seu seo aos "poli-milis". Segundo o devandito xornal, as últimas accións armadas rexistradas en Euskadi-sul e que non foron reivindicadas por organización algunha como o atentado contra un armero domiciliado en Donostia ou as explosións de artefactos en "Cervezas El León" ou "Transportes Zurutua" poderian ter sido froito desta unión entre antigos "polis-milis" e autónomos.

MUGARRA

REVISTA GALEGA DE SOCIO-PEDAGOGIA E SOCIO-LINGUISTICA

Se quere subscreber-se, mande os seus datos e cheque, giro postal ou transferéncia ao
Apartado 1.102- OURENSE
Précio da asinatura:
por 6 números mais um monográfico de TEMAS de O ENSINO 1.200 pta.
Sócios da AS-PG 850 pta.
Europa 1.750 pta.
América 2.625 pta.

¡ ¡Xa están á venda os números 0, 1, 2 e 3 e o monográfico TEMAS do ENSINO, OS ENREDOS DOS RAPACES

Mil millóns para o Mundial, dez equipos sen xogar

Mil millóns para o mundial e dez equipos, polo momento, sen poder xogar por falta de cartos para pagar a mutualidade.
Este poderia ser o comezo e se cadra tamén o final, xa que por si só, esta frase daria xa unha mostra de cómo está o noso deporte.
Pero a cousa non queda aí, en vez de buscar solución ao problema non se lles ocurre outra cousa máis que agravalo cesando a un presidente, o da zona de Santiago, que fora elexido democráticamente.
Está visto que seguen, en todos os aspectos facendo as cousas como antes, é dicer, mal.
Pero o lio só acaba de comezar.



"Todo se debe ao caciquismo imperante no país", dinos o Sr. Benegasí, Presidente da zona de Santiago, elexido democraticamente polos clubes e agora cesado, a dedo, como se fan os ceses no deporte e se fan os nomeamentos.

"Existen posturas de presión que non estou disposto a admitir. Non é que estea a favor da Mutualidade, senón que estou en contra como xa o repetín en numerosas ocasións, o que non estou disposto admitir é que me presionen para que vaia contra do reglamento. Fan o reglamento e despois sáltano a comenéncia", até aqui a postura do Ex-Presidente da zona de Santiago de Fútbol, anque el non recoñece o cese, xa que *"fun elexido democráticamente e son os clubes quen teñen que botarme"*.

DA MUTUALIDADE AO ENFRENTAMENTO PERSOAL

O cese arbitrário, á antígua usanza que nunca rematou no deporte, senón que está á orde do dia, aínda que máis adecentada, do Sr. Bengasí produciuse en princípio pola sua postura de sancionar a dez equipos de Santiago, todos eles modestos, a non xogar en dous anos diante da negativa destes de non pagar a Mutualidade, que por primeira vez é obrigatória para os clubes.

Representantes destes clubes acercáronse á Coruña para ver de arranxar o problema e protestar por esta sanción.

Aqui foi cando o vicepresidente da Federación, Basílio Caramés, militar retirado, empezou na sua estrataxema de botar ao Sr. Benegasí, co que hai tempo que estaba enfrentado.

Primeiramente, o Presidente de Santiago estaba disposto a dimitir, pero non foi aceitada a dimisión polo presidente da Galega de Fútbol.

Despois producíronse uns graves insultos do Sr. Caramés ao Sr. Benegasí, segundo este, insulto que repetiu logo diante da Xunta da F.G.F.

CESE INESPERADO

Nun dia moito deberon cambiar as cousas, xa que primeiro non se aceita a dimisión de Benegasí e despois é destituído.

Razóns teria o Sr. Guillén para tomar a decisión e, tomada por el, os demáis membros *"postos a dedo e case todos da Coruña din amén"*.

Nesta reunión só o Presidente do Alondras, que se ven distinguindo pola sua postura crítica, e algun outro mostrou a sua disconformidade con este cese.

Agora a reclamación está nos organismos superiores así como no xulgado, por *"ser gravemente ofendido na miña persoa"*, di Benegasí, inda que deixa traslucir que non ten nengunha fe na decisión dos máximos mandatários futbolísticos estatais xa que, como alguén dixo *"uns nunca se tiran contra outros"* e eles non van ir contra das decisións daqueles a quen puxeron no posto e que son os que manteñen tamén ao mismísimo Porta na sua poltrona. Un círculo vicioso.

REUNION DOS CLUBES

Os clubes de Santiago, reunidos en Asamblea á que declinaron asistir os dirixentes da FGF, protestaron por esta decisión, xa que eles foron os que elexiron presidente e eles deben de ser os que o saquen.

Non hai nen un só clube que non estea en desacordo con esta medida, aínda que alguns, sobre todo os dez sancionados non estean de acordo con esta medida, acusando, polo menos, ao Sr. Benegasí de *"precipitación"*.

A CUESTION DE FONDO

Asi as cousas temos por un lado o caciquismo imperante, per secula, na FGF e por outra o problema de fondo de orientación deportiva: Mentras que dez equipos modestos, (dez de vinte e catro) non poden participar na competición por non ter cartos para pagar a Mutualidade, gástanse mil millóns no mundial, para que a xente vexa seis partidos.

Por detrás, reunións cos equipos para que pagasen cincocentas pesetas e que podian empezar a xogar, e enfrentamentos do Sr. Benegasí cos presidentes do San Pedro e do Fátima.

PUCHEIRO

Crónica deportiva

Adiante co atletismo

O Atletismo galego leva anos de capa caída. O seu esplendor doutro tempo, sobre todo en carreiras longas, nen se divisaba por detrás das Cies. Agora a cousa parece que está a cambiar e que o mencer chega outra vez por detrás de Pedrafita e da Canda.

Se xa o ano pasado habia atletas que deixaban despuntar as suas cualidades, agora parece que se fan realidade esas esperanzas.

A pasada semana batíronse dous récords en pista: o de cinco mil metros marcha, a cargo de Ramilo do Comesaña, e o de tres mil a cargo de Carrerras do Celta.

Asi, a especialidade de marcha vai collendo categoria en Galiza onde existiron e existen numerosos marchistas con cualidades excepcionais para esta clase de proba, pero que nunca foron aproveitados, non dándolle importáncia a esta especialidade atlética.

Cos exitos de Llopart e Marín parece que a cousa, se non se puxo aínda de moda, si que se deu a coñecer e cada dia son máis os seus practicantes.

Por outra banda, Durán veu demostrar que cada dia anda mellor de forma e que aquela promesa que case se apagou empeza a alumear outra vez, podendo brillar con luz própria esta temporada, sobre todo no cross que é a sua especialidade e onde ten máis posibilidades. Os resultados anteriores en carreiras de Euskadi asi o confirman.

Aís están tamén as promesas en infatís e xuvenís, aínda que sempre desatendidas. Así e todo, nos próximos campeonatos estatais é case seguro que algun galego estea no pódio dos vencedores.

Pero estes resultados da semana veñen tamén a demostrar o que se pode conseguir planificando as competicións atléticas ou noutros deportes.

O que non se pode pretender é conseguir marcas, records, alto nivel, participantes... se non hai probas onde poida competir.

Estes trofeos de inverno poden ser unha mostra do resultado positivo.

Pero asi e todo aínda queda moito camiño por andar. Camiño que non estaria mal que fose marcado por outrao dirixetes, xa que os actuais parecen gastar as suas enerxias en disputas e intrigas localistas.

Mentras tanto as pistas atléticas de Lugo seguen case inutilizadas. Aqueles bons atletas que hoxe estarian no mellor da edade tiveron que abandoar a práctica do atletismo diante dos desplantes, dos atrancos e cousas polo estilo, propiciados polos dirixentes deportivos.

Pero as cousas non parecen ir a mellor. A política que se está a seguir no mundo do deporte é un auténtico calco da que sempre se seguiu, cunha variante: dáselle máis importáncia á publicidade daqueles feitos que eles, os mandatários, saben que están ben. Xa que, aínda que se pudera pensar outra cousa, eles saben o que é o auténtico deporte e aquelo que vai contra deste e dos deportistas. O que non lles interesa é aplicalo.

Aí temos senón o caso flagrante duns pabellóns de deportes utilizados por TV para facer uns programas deportivos. Tres dias, tres, van estar ocupados estes recintos polos apetrechos de televisión mentras os deportistas non van ter nen onde xogar nen onde entrenar, téndose que aplazar alguns partidos. E todo isto sen cobrarlle nada a aqueles que gañan un montón con este programa.

Ademais a cousa empeora, estas instalacións son utilizadas para bombardear á xente co Mundial. Mundial e máis nada, olvídense de todo, desde os convénios co ANE detrás até de facer exercício. Non se preocupe, séntese diante do televisor, vexa, escoite, falar do mundial, do fútbol, de millóns etc. e non faga deporte, total, para qué...

polo burato da porta



Santi Villar

Os crios nacen cada dia máis espabilados, aínda non veñen cun pan debaixo do brazo, pero abastécense en canto poden; debe ser por aquilo de que no comer, no folgar e durmir, ninguén lles gaña aos nenos.



Santi Villar

Xa ia sendo hora! A cultura cada vez máis cara, pero velai un resquício por onde se olla a Wenceslao Fernández Flórez a cincuenta pesetas, a Cervantes a cento cincuenta, os asíduos "terrores" e "mistérios" e poemas semi-clandestinos da cultura residual de saldo.

Santi Villar

Premiar, si que premiaron aos membros do Clube Carril de Fútbol. Os rapaces meteron os seus aforros en Fidecaya, para que estes lles deran o equipaxe, e agora non ven os cartos por ningures desde hai un ano... Si, o equipaxe téñenno.

Santi Villar

Este ouviu dicer que a moda está nun proceso de regresión e velai o teñen: chegou á edade da pluma.



COORDENADAS
Revista Universitaria de Cultura
SUSCRIBETE
Facultade
de Filosofía
e Ciencias da Educación
SANTIAGO DE COMPOSTELA ☎ 583289 (extenxión 2)

poesía
ensaio
conto
narrativa
ciencia
paraciencia
(.....)

á venda en toda Galicia

Páxinas
de información
cultural

GuieirO

Correspondentes ao
nº 175
Do 5 ao 11 de febreiro do 1982

"El Món", *novo semanario independente catalán*

A soedade de *"Canigó"* no panorama da prensa semanal en catalán de *"gran"* difusión —é dicer, non comarcal, senón de información xeral— e xa, felizmente, auga pasada. Desde o pasado nadal, o semanario *"El Món"* (*"O Mundo"*) irrumpeu con forza no mercado periodístico demostrando que en catalán tamén pode facerse prensa profesional.

Deica hai pouco, só o un e pico por cento dos semanários que se vendian no Principado de Catalunya era escrita en catalán. Falamos da época en que "Canigó" —de tono independentista *"malgré lui"*— e mais *"L'Hora"* (*"A hora"*) —promovido polos socialistas— se disputaban os favores do escaso público que le en catalán.

Desaparecido *"L'Hora"*, *"Canigó"* encetou o seu camiño cara a unha miragrosa conversión en diário independente que ninguén se explica pero que todo o mundo desexa. A veterana revista ten conseguido manterse contra vento e marea nos quiscos, grácias ao tesón dos que a fan, sen cobrar a maioria das veces, e grácias a loábeis mecenazgos.

Lluis Bassets director de "El Món".

"EL MON", A POR TODAS

Sen embargo, a precariedade de meios con que funcionan os semanários en catalán nunca permiteu que poidesen competir en igualdade de condicións coa prensa en castelán. Nunca, deica agora. Con *"El Món"*, e na medida en que consiga acudir á sua cita cos leitores de xeito continuado, todo cambiou.

Por primeira vez, un semanário en catalán conta con todos os meios normais nunha redación periodística e conta, aínda que pareza estraño, con periodistas dabondo para que todo o produto teña imaxe e contido de periódico.

Luis Bassets dirixe *"El Món"*. A sua xuventude non lle impide levar nas costas unha longa traxectória periodística e docente. E profesor de Semiótica na Facultade de Ciéncias da Información de Barcelona e sempre se mostrou preocupado polos temas relacionados coa comunicación. No primeiro *"Congrés de Periodistes Cataláns"* destacou a sua ponéncia, na que propoñia unha política comunicativa da Generalitat de carácter progresista. Vinculado a correntes de esquerda, non dubida en falar abertamente de *"Países Cataláns"*, tema que ultimamente se convirteu en cáseque tabu en Catalunya.

"Non é que un semanário en catalán sexa unha empresa difícil —explica— *senón que ten máis dificuldades das normais. Se bén as anteriores teñen sido experiéncias amargas* —Bassets refírese a *"Arreu"*, *"L'Hora"*...— *tamén tiveron cousas positivas. O proxecto de "El Món" era economicamente viábel, necesário e profesionalmente posíbel. Asi se explica que aparecera un novo semanário en catalán".*

EMPRESA PERIODISTICA

—Pero os casos de semanários desaparecidos, ¿Non demostran que as dificuldades do camiño que tedes encetado son quizais insalvábeis?

"As experiéncias anteriores, normalmente tómanse como se foran un conxunto de experiéncias negativas, e non é verdade. En cámbio, non se analizan esas experiéncias con detalle. Porque hai semanários que non teñen funcionado por culpa dunha inversión inicial pequena, outros porque non dispuxeron de todos os meios necesários... outros pasaron problemas de outro tipo, en fin, nunca se poidera demostrar que en Catalunya pode haber un semanário en catalán. Nós demostrámolo semana a semana."

Lluis Bassets sinala como algo a ter moi en conta, que *"hai algunhas circunstáncias que teñen cambiado, non desde o último semanário, "L'Hora", pero si, por exemplo dende o "Arreu"; ten cambiado que "Arreu" saiu inmediatamente despois da morte de Franco, ao comezo da transición como quen di, cando habia unhas expectativas de tipo político para determinados partidos e determinados sectores... "Arreu", no seu primeiro editorial xa o dicia: queria ser un órgano de expresión das clases populares, queria facer un periodismo combativo, un periodismo ideoloxicamente definido..."*

"Hoxe en dia —sigue dicindo— *teñen cambiado moitas cousas. Por exemplo, o panorama político. Queda absolutamente desfasado o periodismo politizado. O que ten que facerse é un periodismo con garra e con empuxe pero desde un ponto de vista puramente profesional... Iso, se se quere gustar á xente. Un periodismo que comporte un esforzo cotián de independéncia, un esforzo de distanciamento das cousas que pasan no país".*

O cartel de firmas que aparecen no novo semanario, efectivamente, reúne a periodistas cotizados, alguns dos cales deben ver traducidos os seus orixinais en Castellano... *"El Món"* supón unha forte inversión que é, en definitiva, o que fai posíbel a sua existéncia.

"Eu dificilmente poderia explicar o dos cartos, porque son un personaxe ao que contrata unha empresa constituída hai aproximadamente seis ou sete meses como calquera outra empresa comercial: unha série de señores que aportan uns cartos, cunha xunta de accionistas, un consello de administración e un presidente, e eu son o director que contrataron. Esta empresa non ten a característica de pequenos accionistas (caso, por exemplo, dos do diário "Avui"), apesar de que si ten habido persoas que fixeron aportacións pequenas, pero tamén hai alguns que fixeron aportacións importantes. A característica xeral do tipo de capital desta empresa é que pode perfectamente asumir un proxecto de periodismo informativo, independente, desinibido, sen hipotecas ideolóxicas nen políticas".

Bassets asegura que o índice de leitura de semanários en catalán, sen dúbida nengunha, se ten multiplicado desde a aparición do que el dirixe, posto que *"El Món"* tira uns 30.000 exemplares semanais e ten unha porcentaxe de devolucuóns normal nestes casos. Ao referirse eliptícamente a *"Canigó"*, di que *"quizais polo seu carácter máis ideolóxico e máis combativo non chega, por desgrácia, aos sitios onde poderia chegar nen ten a audiéncia que poderia ter. Nós non temos este carácter, apesar de que incluíamos firmas que farán coñecer as suas opinións, o máis enardecidas que poidan..."*.

Este é o reto de *"El Món"*, un produto novo deica agora impensábel nos Países Cataláns —tamén se vende no País Valenciá e máis en Les Illes— que sacrifica algo da marcada politización que ten caracterizado a intentos anteriores para gañar ao público ámplio que inevitabelmente é necesário para dar vida a unha prensa normal en catalán.

JORDI FORTUNY

Apontamentos sobre a ortografía do galego

Casos particulares (5)

A. GIL HERNANDEZ
(Membro da Asociaçom Galega da Língua)

Uso do guiom entre verbo e pronome.

0.— Dificuldades.

Decerto, nom hai dificuldades maiores para o uso do guiom ou trazo entre o verbo e o pronome enclítico (**dixemos-lhe-lo: dixemos lhes o**). En todo caso, a dificuldade está no uso do guiom entre o verbo e o artigo (**come-lo caldismo**, que se diria tal tendéncia ortográfica) por razons gramaticais (morfémicas e funcionais) e mormente pedagógicas. Pode verse ao respeito o meu artigo publicado no núm. 2 da revista **O Ensino.**

Resultam curiosísimas as razons que aduzem as **Bases (pra unificación das normas lingüísticas do galego)** para rejeitar o uso do trazo entre verbo e pronome (s): *"A tendéncia do galego á enclise de pronomes (que faria posíveis grafias chocantes como* **trouxemos-che-lhe-lo***) e o feito de que em contextos mui escasos revestiria este guiom valor diacrítico"*. A **chocáncia das grafias** é razom esmagante; evidentemente secuéncias como **trouxemos-che-lhe-lo** abundam, repetem-se e multiplicam-se na fala, na escrita e inclusive na comunicación galega por gestos (**C'est magnifique!**). As outras razons, já em sério, apoiam preciamente o contrário, quer dizer, o uso do guiom: A tendéncia à enclise de pronomes e a conseguinte "deformación" do verbo aconselha que se sinale a fronteira entre tais palavras.

1.— Razons para o emprego do trazo.

Resumo-as nas seguintes:

a) Do ponto de vista prático, o seu uso reduze sensivelmente o número de acentos gráficos (se o acento tónico nom se cámbia de sílaba: **andavamos/andávamos**). Comprobaremo-lo no apartado 2. Com efeito, consideramos que o trazo sinala a unióm de duas palavras, pero que estas ham-de tratar-se para a acentuación gráfica como se estivesem separadas, segundo dim as **BASES** para casos como **demócrata-cristián.**

b) O seu uso fai converger a ortografia galega coa de outras línguas, como a catalá ou a francesa, além da luso-brasileira.

c) Nom podemos aduzir a tradizom gráfica medieval, ainda que com relativa frecuéncia o **H** cumpria a mesma función que o trazo, isto é, separava verbo e pronome (veriçeuhos).

d) **A separación de palavras** é a razom mais importante; e é-a polos motivos pedagógicos, para nenos e grandes, de facilitar a leitura e em certo modo a escritura. **Separar as palavras**, conquista notável sem dúvida, caracteriza a escrita occidental presente. Deste jeito, cada palavra considera-se umha unidade que se mantén inalterável, salvo na flexión.

Unicamente, como no caso da secuéncia verbo-pronome (s), admite-se na escrita certa "deformación" das unidades que se dá na fala; sobretodo porque dita secuéncia é gramaticalmente obrigatória, segundo é conhecido. Portanto, neste caso convém e cumpre marcar a fronteira entre as unidades verbo e pronome (s), dada a alta frecuéncia de aparición en galego.

2.— Exemplos:

A modo de exemplo para este tema e os vistos em pasados artigos, compararemos uns textos escritos originariamente na outra ortografia e escritos na que aqui se propom:

"Nunha cidade, nunha vila, nun lugar aconte ce algo. O reporteiro descóbreo e recolle información. Pode suceder que este reporteiro traballe directamente pra un xornal ou ben que traballe pra unha axencia. No primeiro caso notifica o que sabe ó seu xornal. Se traballa pra unha axencia, chama por teléfono á oficina mais próxima dela; esta ponse en contacto por télex coa súa central. E a central polo teletipo envía a información ós diferentes xornais."

"Numha cidade, numha vila, num lugar acontece algo. O reporteiro descobre-o e recolhe informaçom. Pode sucecer que este reporteiro trabalhe directamente para um jornal ou bem que trabalhe para umha agéncia. No primeiro caso notifica o que sabe ao seu jornal. Se trabalha para umha agéncia, chama por teléfono á oficina mais próxima dela; esta pom-se em contacto formaçom aos diferentes jornais."

Outro exemplo:

"era á noitiña, despois de saírdes do traballo. Cansos como estábades, mais os compañeiros aínda ca ti, gardáste-la ferramenta. (...) Colléste-lo camiño e fostes dereitos pra aló. O Manolo non quixo quedar convosco pois polo visto estaba mallado. El era mais novo no choio e non se afixera aínda de todo a el. Díxovolo home mentres vós desapareciades trala porta da taberna:

"Eu de min a vós íame pró leito"

"era à noitinha, despois de sairdes do trabalho. Cansos como estávades, mais os companheiros ainda ca ti, gardastes a ferramenta. (...) Colhestes o caminho e fostes direitos para aló. O Manolo nom quixo quedar convosco pois polo visto estava malhado. El era mais novo no choio e nom se afixera ainda de todo a el. Dixo-vos o home mentres vós desapareciades tras a porta da taberna:

"Eu de mim a vós ia-me p'rò leito"

Os textos nom forom eleitos **ad hoc.** Invito a fazer esta prova com muitos mais, de novela, de poesia ou de ensaio: Talvez os resultados surprendam (e dem parte da clave à **"escolha"** ortográfica que estám impondo desde a "Xunta"...)

II

Abanqueiro de sal,
que enceta o sentir,
sensación abisal,
o presente é maxia,
concreto.

¡Sorría
na palma da man,
choraba
na punta do pé!

¡Vivir. Gozar é nacer!

VI

¡Endovélico,
deus raiolo do mar!

Agora xaz e mora os caladeiros,
e anima a libido dos fondos.

¡Peixes que viven
o noso amor,
que por ter medo,
non ter
tempo, desvivimos!

¡Mitolóxico
corazón que adorou Breila!

X

¡Cando chegan das ínsuas,
lisco namorado do silencio!

¡Tornan ó lar, remotas,
planeando milímetros de areas!

¡Medito, chían, acólito de min
ando e ando, náufrago!

¡Vivir é un perenne exilio!

XIV

A gamela durme.
Nen hai remos,
nen ondas,
que calmen esta vida.



De silencio vivo,
de milagre amando.

Deitada riba do mar
a paz, é unha meniña.

Unha só vez
ollei na vida
unha muller vogar.

Namais unha vez
na vida!

IX

¡Escoito as ferreñas
que no fondo do mar
animan esta idea:

Ser é unidade,
a sua acción, Universo.

As primeiras agoas
logo foron mares!

XV

Na aba do mar
ás meigas
cós tabeirons
fornican.

Sete sallas
ten o crego.
sete tíñaas
Marica.

Alailá
de primavera.

VIII

¡Guindan ceibes os corpos
sobre veludos de escuma!

¡Todo canto ignora
é sobre si mesmo!

¡Acrobacias de nubes.
Leises naturais. Vidríns
que moven abismos!

¡No faido do cosmos
a certeza é segredo
Deus tamén ignora!

Xaquín Agulla C-82

(Estes poemas pertencen ó libro ENSOÑOS DE BREILA, en preparación. O autor ten pubricado CANTIGO, na colección Chorima, maio, 1981. Entre as súas obras inéditas destaca o poema longo CALUCA, e ELEXIAS DE TIRATIA.)

GuieirO

crítica cine

"Viva la muerte"

A película ten once anos e nótaselle dabondo, pero coido que era xa vella cando se fixo. Saquela, no 1970, dividiu á crítica francesa, dunha banda os que a amaban e doutra os que a odiaban. Arrabal era un **"novo home do Renacimento"** que tocaba outro xeito de expresión artística, era un valor cultural cun plusvalor engadido de proibición na España fascista, e todo isto fixo que moitos "progres" se deixaran engaiolar polas suas imaxes.

Compre dicer que a min a película non me gosta, xa que logo, coido que de cine ten moi pouco: O ritmo cinematográfico pérdese en moitas ocasións, a película adianta con fastío, se reitera e remata por ser mazadora. As secuéncias noxentas non teñen, ás veces, razón de ser, sen funcionalidade, e semellan estar postas para escandalizar ao espectador (lémbrese a diferéncia con "Saló" de Pasolini) sen provocar xamáis unha toma de postura racional, ao que non pode ser alleo a reiteración na utilización dos filtros da cor que avisan ao espectador de que ven unha de castraccións ou de merda, que denotan, pola sua repetitividade de recurso, unha falta ben notábel de meios expresivos.

"Viva la Muerte" básase na novela "Baal-Babulone" do próprio Arrabal, o personaxe da cal; Fando, é certamente autobiográfico. E unha visión en imaxes dun País, dunha sociedade e dunha situación histórica mesturada coas lembranzas, imaxinacións e pesadelos do Arrabal. Hai na película dous planos que non chegan a epatar e que van cada un déles pola sua banda. Un plano realista e outro pretendidamente surrealista que a superficialidade do tratamento fílmico non contribúe a integrar dun xeito coerente. Outro dos feitos que emprobecen a narración é o simbolismo maniqueo dos personaxes: O pai é a representación da revolución, a nai é a sociedade castradora e Fando o nenohome novo á percura da verdade.

As boas intencións non chegan para facer unha película e aínda menos para cominar un meio expresivo tan complexo como o cine. Conscientes ou non, pretendidas ou non polo seu realizador, as suas imaxes lémbrannos as doutras películas, o que da pé a coidar que Arrabal na sua primeira experiéncia cinematográfica (posibelmente dun xeito inconscente) acudiu a resolver o problema da concretización en imaxes a outras xa plasmadas no cine (Jean Vigo e "Cero en Conduta", Buñuel "Viridiana", "Esquecidos" y "Un CHien Andalou", os mestres soviéticos na montaxe, Bergman "O Siléncio" etc. etc.) ou noutras ocasións á pintura (O Bosco, Brueghel, Magritte).

Descoñecendo "O árbol de Guernica", e tendo en conta además "J'Irai Comme un Cheval Fou", a sua segunda obra, un pouco más coidada na súa estética, aínda que coa mesma marca de fábrica ou "tics" expresivos, non queda moi esaxerado o rematar dicindo que o cine de Arrabal é un querer e non poder, un proxecto de agresión ao espectador que non chega á provocación e que se esgota en si mesmo sen producir nen unha catarse liberadora nen unha concienciación radical.

PABLO GOMEZ TABOADA

Carlos Robles Piquer. Censor.

Asignatura pendente.

Cámbios en TVE e emisión de cine español

"Os marxistas queren dominar a toda costa a televisión. Desde hai moitos anos foron infiltrando nela á "quinta pluma" e moven periodicamente Roma con Santiago para controlala... Nas parcelas de RTVE das que se apoderaron durante uns meses (e deixo a salvo a boa vontade do entón director xeneral e o seu adxunto) aplicaron un descarnado sistema de terrorismo intelectual... Non poucos periodistas recebiron a visita de turno para indicarlles que se afiliaran a tal ou cual partido ou en caso contrário perderian o seu posto..."

(Luís Maria Ansón, en "ABC" de Madrid, 15 de xaneiro 1982).

Algun dia seria divertido, se non causase estupor, repasar todas as manipulacións e calúmnias lanzadas contra a marcha de RTVE na etapa presidida por Fernando Castedo (do mes de xaneiro ao de outubro de 1981). A cita de Luís Maria Ansón é unha máis nunha longa lista de articulistas de "ABC", "YA" e, na nosa terra, xentes como Luís Caparrós e Augusto Assia. Esta movilización de prensa reaccionária e conservadora amosa claramente o seupróprio poder de presión e as enormes limitacións deste reformismo pactado que sofrimos. Porque nen Castedo e os seus compañeiros era "roxos infiltrados" nen a RTVE que nos ofreceron tiña cámbios sustaciais coa de tempos anteriores.

RETROCESO NA PROGRAMACION

Pero a Robles Piquer, censor con Franco e director xeral de Información en 1969 (época de Fraga), aínda lle parece demasiado. E por iso refórmase a programación e elimínanse os únicos programas que gozaban de certa obxectividade e interés. Desaparece, por exemplo, **"Man a man"**, o programa de Joaquín María Puyal que ofreceu alguns dos debates máis interesantes visionados na história de televisión. Por este programa pasaron parte dos intelectuais máis lúcidos do Estado, entre eles Aranguren, Enrique González Duro, Pedro Costa Morata, Savater, Mario Gaviriz, V. Verdú, Cristina Alberdi ou Juan Luis Cebrián, que pronunciou a máis clara das condenas contra os golpistas que en TVE se oíron. Outro dos desaparecidos, no campo dos programas reportaxe, foi **"Obxectivo"**, quizais por ofrecer a outra cara das democrácias liberais, a explotación colonialista no terceiro mundo (dous dos seus últimos programas foron adicados á masacre do Salvador e á reconstrución do país na revolucionária Nicarágua).

A cámbio, voltan os programas de máis pura estirpe franguista: volta **"A Abella Maya"** a comerlles o coco aos nenos, volta esa estupidez de programa-concurso **"Un, dos, tres..."** e incluso se repoñen os panfletos reaccionários de Alfonso Paso no espácio adicado ao teatro. Seguirán, por suposto, as nostálxias imperialistas (**"300 millóns"**) e abondantes seriais americanos, iguais todos a si mesmos tanto na sua factura técnica como no seu contido, sempre ao servício dos xeitos de vida do Império americano.

PELICULAS ESPAÑOLAS

Ante programación tan insulsa, o público refúxiase nos espácios adicados á emisión de películas, que son os de máis impacto popular. Recentemente véñense emitindo algunhas películas españolas bastante novas, dos anos 70, referidas á nosa actualidade inmediata. Dado que o cine español nunca foi moi ben tratado en TVE (exceptuando o excelente ciclo adicado a Pepe Isbert o pasado ano), parece que agora polo menos quérese captar a atención do público coa emisión de películas que lle falen de problemas nos que dalgun xeito poida recoñecerse.

En xeral, son películas moi mediocres, de escaso interés cinematográfico e que, en moi poucos anos, resultarán tan anticuadas como as películas dos anos 60, ou mesmo dos 40, inda que conservarán, iso si, un gracioso interés sociolóxico para estudar condutas e comportamentos da progresia liberal e pequeno-burguesa destes tempos. Dentro desta liña están as películas emitidas de Roberto Bodegas (**Vida Conxugal Sana**), José L. García Sánchez (**O love Feroz, Colorín Colorado**), José Luis Garci (**Asignatura Pendente**) e Antonio Drove (**Tocata e Fuga de Lolita**). Pese ás diferéncias cronolóxicas (**O love Feroz** é de 1972, **Tocata e Fuga**, 1974; **Colorín Colorado**, 1976; **Asignatura Pendente**, 1977) que marcan o paso do fascismo á reforma, hai nelas certos puntos comuns, sobre todo ao nivel das actitudes dos cineastas ao enfocar os problemas.

Estes cineastas pretenderon crear o que se chamou "a terceira via" do cine español: conseguir un cine de certo interés entre os subprodutos da época e o cine de máis calidade (Saura, Buñuel...). Para elo buscábase un tema importante, de actualidade (a represión sexual e a moral desta nova burguesia, os conflitos xeneracionais, alusións ao contexto político), ao que se lle otorgaba un tratamento de comédia, (incluíndo tamén algunha escena con nuos, aproveitando a tímida apertura), co fin de burlar á censura e conseguir éxito comercial. Foi un cine eficaz no seu momento, de gran éxito popular, dirixido a sectores sociais (públicos) concretos e cun discurso ideolóxico reformista.

Das citadas, as películas de Garci e de Drove son as máis sólidas e interesantes. Garci, cunha habilidade técnica evidente, sobor de todo na construción dos diálogos, pretendeu reflexar a realidade dunha xeneración conformada na posguerra para a que o franquismo supuxo unha fonte de frustracións e represións de todo tipo. Pero **Asignatura Pendente**, como logo a sua cópia **Sós na Madrugada** e mesmo **As verdes Pradeiras** (que TVE vai emitir proximamente), adolece de falta de rigor nos seus plantexamentos e déixase levar polos aspectos máis tópicos, triviais e anecdóticos dos conflitos. O rechazo que Garci propón da sociedade na que se moven os seus personaxes (sociedade filla do franquismo) non ven acompañado dun coerente programa colectivo de cámbio e renovación. A nostálxia pode derivar asi nunha actitude conservadora e ben pouco progresista (como se ve claramente en **As Verdes Pradeiras**).

A película de Drove é unha película de encargo, onde se nota máis a man do clan Garci-Bodegas-Dibildos (este foi o produtor) que a do próprio Drove, un dos cineastas máis interesantes e coerentes do actual cine español, autor desa extraordinaria película de reflexión histórica que é **A Verdade Sobre o Caso Savolta** (V. crítica en "A NOSA TERRA" n.º 119,16.VIII.1980) Inda que Drove renega da película nas condicións en que foi elaborada, alguns matices da mesma apontan os enfoques innovadores do seu cine. Asi, alguns críticos destacan o carácter premonitório da configuración dos personaxes: o que encarna Arturo Fernández, procurador polo tércio familiar, inxerto nun proceso reformista paralelo ao da situación política posterior, ou o de Paco Algora, "progre" oportunista e desencantado que, inverosímil en 1974, é unha realidade evidente oito anos despois (personaxe que, ademais, salva a película no referente á sua comicidade).

M.V.



A árbore de Guernica, filme de Arrabal.

A Abella Maya, programa "infantil".

Lilos lilainas cousas dos nenos

BIOSBARDOS

¿Onde está o cine infantil?

Como no caso de calquer outro meio de comunicación, o cine dirixido a un público infantil require do cumprimento dunhas determinadas condicións. En primeiro lugar, coñecer o nivel de compresión da linguaxe das imaxenes en movimento —e falo de **"linguaxe"** aínda sabendo que determinados estudosos discuten a licitude do seu uso fora do estrito da linguaxe verbal... pero é este un problema de moita ensunlla teórica que require outro lugar; xeralmente adóitase usar nun xeito ámplio a verba **"linguaxe"** e nós imos seguer a costume que, en calquer caso, senón rigorosamente, cando menos metaforicamente ten unha perfecta funcionalidade aplicada á comunicación polas imáxenes.

Pois ben, o **"código icónico"** —a linguaxe das imáxenes— precisa unha aprendizaxe. E do mesmo xeito que non é o mesmo escreber para nenos que están a comezar a aprender a ler que para pre-adolescentes, tampouco pode ser igual unha película para nenos de pre-escolar que para os que están a rematar a E.X.B. Hai estudos feitos sobre o nivel de comprensión das imáxenes en nenos de diferentes grupos de edades. En función disto, o lóxico seria que se crearan películas dacordo con cada un deses diferentes grupos ou niveis. Pero iso esixiria, ao mesmo tempo, unha rede de distribución específica para estas películas, isto é, unhas sás cinematográficas especializadas en cine para nenos.

Non parece que a rutina de quen controlan o mercado cinematográfico, nen o desinterés da administración —tantas outras veces coa boca chea de verbas bonitas sob **"a protección da infáncia"** e outras boas intencións— teñan previsto nada neste senso. No que fai a administración, as suas previsións somentes atenden ás cuestións de contido o que xustifica que moitos poidamos falar de que no mundo cultural infantil a censura segue a estar de todo vixente. Para a administración, o cine infantil ven sendo aquel que esquiva mostrar certas realidades **"impróprias de nenos"**: a sexualidade, certos degraus de violéncia (sen embargo, moitas películas caracterizadas pola sua violéncia, como os **"Westers" e tantas do xénero de "aventuras"** foron e aínda son consideradas como axeitadas a un público infantil), a existéncia de conflitos... En definitiva, trátase de promover a creación dun mundo ideal, artificial, construído á medida de certa concepción ideolóxica do que debe ser a infáncia e co obxecto de mellor controlar as conciéncias dos nenos espallando un único sistema de valores.

Se nen os produtores privados nen a administración amosan a menor intención de provomer unha anovación do cine infantil, é difícil que este poda chegar a surxir. De feito, o que poderia e deberia de ser un cine infantil especializado, concebido en función das características dos pequenos espectadores nas diferentes etapas do seu desenrolo, ven sendo substituido polo chamado **"cine familiar"**. E éste un cine non dirixido exclusivamente a nenos, senón que —contando xustamente coa inexisténcia dunha rede de distribución especial para estes, o que fai que os neno somentes podan asistir aos cines na compaña dos seus pais— tenta contar unha história que, ao tempo que poda chegar a entreter aos pais, mantéñase ceibe de todo canto se afaste do modelo dominante do cine **"tolerado para menores"** (nada de sexo, violéncia limitada, nada de conflictos sociais e individuais...). O que xeralmente da coma resultado un certo tipo de cine **"descafeinado"**, fortemente maniqueo (os "bóns" sonno sen nengun tipo de dúbida e sempre teñen a razón, os **"maos"** sonno tamén dunha peza e sempre receben o seu xusto castigo), e cheo de tópicos.

"LAS AVENTURAS DE ENRIQUE Y ANA"

Un bon exemplo deste tipo de cine pode ser a recentemente estreada **"Las aventuras de Enrique y Ana"**, na que además se tráta de aproveitar duas modas: a dos protagonistas, coñecidos cantantes favorecidos por un extraordinário aparato publicitário desde hai xa alguns anos, e a das aventuras de seudo-ciéncia-fición. Un conto que se parece a centos de contos, que nada di de novo e que chega a extremos de publicidade máis aberta, algo que xa é case unha característica deste duo de cantantes. En efeito, moitas das suas cancións preséntanse unidas ao lanzamento dalgun xoguete comercializado ao mesmo tempo. Neste caso trátase do chamado **"disco chino"** que na película os protagonistas distribúeno despois de abrir unha caixa coidadosamente envolta nunha embalaxe dunha coñecida cadea de grandes almacenes. E é que, como xa temos tantas veces dito, do consumismo e a publicidade ninguén pode hoxe escapar.

PARCHIS

Pero, apesar de todo, **"Las aventuras de Enrique y Ana"** —película dirixida por Ramón Fernández, coñecido polos éxitos económicos obtidos con comedias como **"El vecino del quinto"** e **"El cipote de Archidona"**— garda unha mínima dignidade desde o punto de vista da sua realización profesional. Hai un certo esforzo en crear unha história, aínda que esta sexa tópica e archirrepetida, e o traballo dalguns dos actores consigue ás veces crear certas paródias aceptábeis. O que manifesta un total desprécio polo espectador e unha falta absoluta de dignidade profesional é a tamén estreada nas pasadas festas do Nadal **"La segunda guerra de los chicos"**. Tamén aqui repítese o aproveitamento da popularidade dun grupo musical abondosamente promocionado pola televisión —neste caso "Parchís". Pero agora trátase de explotar o éxito dunha anterior produción, **"La guerra de los chicos"**. Esta resultou un solprendente éxito económico, e esta segunda parte non fai outra cousa que tratar de sacarlle o máximo partido a base de pegar unhas cantas actuacións do grupo musical —idénticas ás que fan cada dous por tres na televisión e na maioría das veces sen nengunha relacionco nuo argumental da película que, dito sexa de paso, case nen existe—, certos chistes fáciles cun neno gordo que se tira peidos e non para de comer, o case inevitábel número melodramático con milagre do neno Xesus —concesión ás festas nas que se tiña programado o estreo— máis un spot publicitario final sobre as maravillas de Disneulándia. ¿Pero qué dignidade profesional se lle pode pedir a un director —Jesús Aguirre— que o mesmo lle da dirixir infrapornos, como viña facendo até hai moi pouco, que películas **"infantís"** con milagriños incluídos?

Mentras tanto, ¿ónde está o cine infantil? Segueremos teimando na sua percura. E segueremos a informar.

Latricadas da tertúlia

Dos xurados literarios e outras calamidades (II)

Os desertizantes

MANUEL R. LOUREIRO

Eu soñei unha vez que caia nas mans dun Xurado Literário, quen, ao xeito dun tribunal da santísima inquisición, esfolábame vivo, aguillábame nas cachas, e chegaba a me furgar nos miolos seique á busca do porqué do meu atrevimento a me lles presentar dediante deles con ínfulas de escritor. E coma min habia outros infelices que non acadaban mellor sorte, vencellados todos polo mesmo sofrir. Aquela noite recordei tremecido entre suores de espanto, que aínda nunca tivera un pesadelo semellante, nen o volvin ter. Coido que ese soño do inferno manou do moito que lle metin na aldea á cachuca do porco, e máis do grolo mergurento que me tocou de engolir naqueles dias, cando o Concurso ao que me presentara ficou deserto. Desde aquela cruz e raia: cear ben de lixeiro, canto menos mellor, e non facer caso das saídas carallanas dos Xurados de turno, tan dados eles de seu a ese divertimento da desertización. Porque, agás de cear forte con carne de porco, non hai cousa que máis me coucee nas tripas que os Concursos Literários que fican desertos. Non hai cousa que máis me alporice que ese desprezo a mans cheas, o axe, o abafo que supón para os participantes todos que se lles refugue por xunto toda a obra presentada. Que se estime esta máis que aquela... vaia e pase; que se lle dea o prémio a Xan e non a Pedro... alá o saber e o sentir de cada quen. Pero que se desbote todo enteiramente, abaixando a sua valia co baldoante xuício de que nengunha das obras presentadas chega a un mínimo de calidade... Iso xa é moito de máis, e a falsia destas senténcias desertizantes ficaria ao descoberto se se dese a saber o acontecido con algunha desas obras, refugadas hoxe e premiadas mañá con recoñecidos merecimentos. Eu penso, e que me perdoen os Membros do Xurado, que nesa teima desertizante hai moito de... de moitas cousas, e de entre elas un certo afán de se facer notar polo esixente requintamento de quen non se conforma senón que sexa con cousas moi superiores. Os parvos anceios desta élite desertizante, que tenta conseguir sona de exquisitos rexeitando por falta de calidade canta cousa se lle poña diante, faime lembrar un feito semellante que, por lonxano no tempo, tiña xa bon de esquecer. Navegaba eu cara a América nun barco de pasaxe, e nel iba tamén, entre moitos, un fatiño de emigrantes tan esfameados coma todos e non menos necesitados de mellora, que tentaba emporiso de mellorar á carreira, xa, disterándose naquela hora dos demais emigrantes coa sua polo visto recén estreada condición señoriteira: gravata a toda hora, fardando a cotio; falas moi escolleitas, botadas non a calquera e con cautelosa finura; olladas arelantes, mal disimuladas, cara os cidos da primeira clase... e... e un teimudo empeño en lle poñer reparos a canta comida se lle servia. Ai neso non habia volta, e aquel fato de señoritos estaba ben dacordo en manifestar de tal xeito a sua distinción: a comida que se lles daba non era nen merescente dos seus exquisitos paladares. Comer ben que a comian, meus probes, que aínda non sei se outra como ela terian probado antes, mais sempre poñéndolle peros e reparos. Ao maiordomo moito o amolaban as queixas refugantes daquela xentiña, quen, en toda a viaxe, maldito se deu a sua aprobación a plato nengun dos que lle entraron no xantar. Ai por eso, a finura... Eu non sei, pero ben sospeito, que as requintadas esixéncias artísticas dos nosos Xurados Literários teñen moita semellanza coas daqueles malpocados señoritos de caldo á merenda. Polo de pronto declaráronse desertos moitos certames literarios galegos, con evidente lixeireza nos menos e con manifesta inxustícia nos máis. Estes Señores das Letras, co seu peneirar miúdo, están privando ao coñecimento público dalgun traballo que non desmerecia, certamente, no conxunto da nosa cultura escrita. Alá eles, mais o caso é que aínda dirán que o fan por ben da cultura galega, da que de certo se consideran valedores. O último Concurso desertizado de que teño noticia foi o dos Prémios Cidade da Cruña, e antes xa acontecera outro tanto co **"Francisco Lanza"** de Ribadeo (por certo que, aínda por riba, cunhas declaracións ben noxentas por parte da Presidéncia do Xurado, talmente facendo risa dos participantes). E de porparte pouco faltou para chegar ao tal no "Blanco Amor" de Redondela, onde polo visto fíxose un grande esforzo, dixeron cando o fallo, para non o deixar tamén deserto. Os requintados desertizantes non descansan, xa se ve. Por iso gostoume tanto a convocatória do Premio Chitón, poisque xa nas suas bases dispoñíase claramente que non poderia ser declarado deserto. Mais outras cousas non menos graves si que se podian, que se poideron, facer. E o tal Prémio, endemal, veu en dar xa na sua primeira andaina nun verdadeiro atraco literário: Chitón, e todos ao chan.

crítica

Carlos Varela na nosa lembranza

Vense de celebrar nos locais do axuntamento coruñés unha mostra-exposición da obra de Carlos Varela Veiga, o noso malogrado amigo lugués.

Ao repasar os seus traballos, o que máis chama a atención é a variedade e a amplitude do obxecto da sua curiosidade. Traballou no cine e aló ten plasmado momentos conmovedores da história recente do noso país, aplicouse ao barro onde aportou particular visión, o mesmo que nos seus tecidos de macramé nos que el e máis Paco de Chantada eran os pioneiros na nosa terra; da sua autoria son tamén o deseño dunha chea de pegatinas, carteis e murais convocatórios que temos visto moitas veces por Galiza adiante.

Semella que os artistas comprometidos co país son, dalgun xeito, polifacéticos; será que, como en Galiza está todo por facer, dan ganas de encetalo todo. Estas arelas debeunas de sentir o exemplo sobranceiro que foi Castelao, tanto foi escritor, como pintor, tanto ensaísta como humorista, pero, iso si, sempre desde unha concepcion política e globalizante do país.

O Carlos era un home dese tipo, posuidor dunha formación cultural galega non usual, nun país onde, terríbel paradoxa, ser cultor en galego é case un privilexio. Foi investigador das formas estéticas populares, cousa que lle facia ter o pé en terra firme á horas de dar ese pulo para adiante que é a creación artística.

Aínda máis que polo que deixa feito, a desaparición do Carlos éncheo a un de pena e de coraxe polo que un home como el prometia. Non hai dereito a que unha vida fose tronzada no mellor, ou, como di o Manuel Maria, na **"loita da semente por ser frol"**.

Ao lembrar tamén a outros compañeiros desaparecidos, ao Reboiras, ao Niño Ricoi, ao Froitoso, ou ao Xerardo de Monforte, non podemos menos que reparar no difícil que é o camiño da formación, nun home galego, coa conciéncia da sua realidade, cánta broza ideolóxica hai que botar pola borda, cántos problemas, chantaxes e presións familiares e sociais hai que vencer deica chegar a ter limpos os ollos para ver o país de un claramente.

Qué inmenso destrago, é, pois, a desaparición de homes como estes que tanto lle compririan ao noso país.

CESAR VARELA

axenda

SANTIAGO

DIAS 1 ao 9. Na galeria Sargadelos, exposición do pintor mexicano José Guadalupe Pousada (1852-1913)

DIAS 10 ao 28, na mesma galeria grabados de Julio Paz (nado en Buenos Aires en 1939) sobor do tema "A condición humana".

DIA 5. Presentación do libro "O meo pai era un arameo vagabundo" de Xosé Chao Rego, coa participación, ademais do autor, de Lois Alvarez Pousa e Andrés Torres Queiruga.

DIA 8. Na Salle, actuación do grupo de teatro Guirijay coa obra "Unha muller soa". As oito e cuarto do serán.

PONTEVEDRA

A mesma asociación anterior organiza outro cursiño en Pontevedra, sobor "Psicomotricidade" a cargo de Luís Pérez Rivas a partir do dia dez. Información e matrícula na libraria Pueblo (tefl. 85 15 53).

O FERROL

DIAS 15 ao 27. No Ateneo da cidade ferrolana continua exposta ao público a mostra do grabador mexicano José Guadalupe Posada que se iniciara na galeria Sargadelos.

VIGO

Nas sás de arte da Caixa de Aforros olívica hai tres exposicións abertas, a saber: Antón Lamazares (Sá de arte)., Antón Abreu Bastos (Sá de exposicións) e Caitano Lledó Castillo (Sá anexa).

DIA 5. No auditório da CAV remata o segundo cursiño de Ornitoloxia organizado pola Sociedade Galega de História Natural. Sobor dos temas "Aves do meio palustre" e "Aves mariñas" falarán Xesus Domínguez Conde e Francisco Sierra Abraín. O cursiño será clausurado por Estanislao Fernández de la Cigoña, delegado da SGHN.

DIA 8. Na Salle, actuación do grupo de teatro Guirijay coa obra "Unha muller soa". As oito e cuarto do serán.

A CORUÑA

DIA 12. No Salón de actos do Ateneo, conferéncia de Enriqueta Otero sobre "A resiténcia en España".

CONCURSO DE CARTEIS
"FESTAS DA ASCENSION 1982"

A 'Comisión de Festas de Compostela" baixo o patrocinio do Excmo. Axuntamento de Santiago de Compostela, convoca un concurso de carteis para anunciar as festas da Ascensión, que se celebrarán os dias 17 ao 23 de maio de 1982, e axeitado ás seguintes

BASES

PRIMEIRA.—Os grafistas que desexen presentar traballos haberán de ser galegos ou ter, como mínimo, acreditada a sua residéncia en Galiza por cinco anos.

SEGUNDA.—Establécese un premio de 75.000 ptas. para o cartel elexido.

TERCEIRA.-O orixinal premiado pasará á propriedade do Excmo. Axuntamento de Santiago e poderá ser utilizado na sua reprodución como cartel mural e nos programas de man.

COARTA.—Os traballos presentaranse na Oficina de Relacións Públicas antes das trece horas do tres de Abril de 1982. A entrega deste traballos virá acompañada dun sobre pechado e lacrado contendo no seu interior o nome, residéncia e domicílio do autor, engadíndolle documento que avale o disposto na Base primeira. No frente deste sobre figurará o lema que se corresponda co que se indique no reverso do traballo presentado.

QUINTA.—O xurado estará composto por:

—Un representante da "Delegación Local do Ministerio de Cultura"

—Un representante da "Asociación de Artistas Plásticos Compostelans"

—Un representante da "Asociación Fotográfica de Compostela"

—Un representante da "Escola de Artes Aplicadas Mestre Mateo"

—Presidirá un representante nomeado pola "Comisión de Educación e Cultura do Excmo. Axuntamento de Santiago".

Actuará de Secretário un representante da "Comisión de Festas" con voz pero sen voto.

SEXTA.—O xurado terá ámplias facultades para interpretar estas bases e o seu fallo non terá apelación, podendo, ao seu xuício, declarar deserto o prémio anunciado, así como propoñer as mencións de mérito que considere oportunas.

SETIMA.—O fallo do xurado será dado a coñecer o dia 5 de Abril de 1982.

OCTAVA.—O texto do cartel será:

FESTAS DA ASCENSION
EN COMPOSTELA
DO 17 AO 23 DE MAIO
1982

NOVENA.—Os traballos presentados serán expostos ao público o dia 4 de Abril na Rua do Villar.

DECIMA.—CARACTERISTICAS

A) Tamaño de presentación 70 x 50 cm.

B) Cores: Cinco tintas planas, como máximo, ademais do blanco do fondo.

C) Reprodución previstas 70 x 50 cm. en offset.

CONCURSO DE TRABALLOS ESCOLARES
Patrocinado por A NOSA TERRA

Unha semán mais, e o noso concurso, pasiño a pasiño, vai adiante, boa proba é que neste número vémonos na obriga de publicar dous traballos, para premiarmos así a un alumno da Primeira Etapa e a outro da Segunda da EXB.

Noraboa Francisco Xosé, logo has recebir por correo o noso agasallo, e tamén a ti Xosé Manuel que, como eres de Vigo, podes pasar por "A NOSA TERRA", rua Dr. Cadaval 21, piso 2.º a recollelo.

A NOSA ESCOLA

Xosé Manuel ENCISA DE SAR, 13 anos, 2.º Etapa de E.X.B.
Escola Nacional de Balaídos, 8.º B.

Pertos do Lagares, nun recheo que está en Balaídos, edificouse o que logo seria un lugar de ensino xeral básica. O edifício en construción parecia ter moitas ventaxas, como calefacción, pero agora pretuntámonos se a cor amarela que teñen os radiadores foi posta xa en previsión, para que serviran de adorno.

Outro problema tamén foi a falta de mestres. Problema grave xa que tiñamos que quedarnos sen xogar o noso partido semanal. Menos mal que ao final os mestres túrnanse e podemos xogar.

En compensación destes problemas, como por exemplo o da calefacción, non podemos quitarnos o abrigo para estar ben abrigados.

Existen actividades extraescolares, por se os hai vagos e poden saír músicos, loitadores, costureiras, etc., sen ter que esforzarse nas horas de clase, (o que o vexa produtivo e estea no paro, que non se desanime e veña á escola de Balaidos).

Se por casualidade escoitara isto o meu amigo Soto, e tamén compañeiro, que sepa que non o esquecemos e que esperamos ardentemente a sua salvación, xa que ou morremos conxelados, ou, de tantos ceros que nos poñen, de "cerápio" morremos.

Xa para rematar, quixera facelo de manéira significativa e histórica, esperando unha desexada socorración.

Desde esta apestosa beira do Rio Lagares:

AVE SOTO, MORRITUREN CONXELADEN TE SALUTEN
(Ave Soto, os que van morrer conxelados saúdante)

NA RUA TRINXANT DE BARCELONA

Fco. Jose RODRIGUEZ PONTON 10 anos, 1.ª Etapa -E.X.B.
BARCELONA

A minha escola está na rua Trinxant de Barcelona, longe de Galiza, terra dos meus pais, por iso nom se fam clases de galego, en troco si se fam de catalam, mais como a mim gústame muito a lingua dos meus pais desexo participar no concurso.

Iste coléxio sô fa clases de E.G.B.; eu estóu no 5.º curso. A sua fachada é grandeira e marela, por iso é vistosa. Tén tres sobrados e umha escaleira. Os corredores son longos e por iles váise as clases.

As aulas son grandeiras e alteiras, cada umha tén 40 táboas, e umha o duas pizarras, tamén tén tres fenestras grandeiras que dan a rua.

Ja e como remate dicir que na parte traseira do coléxio está o curro.

Prâ pechar ista carta quero felicitar a todos os nenos galegos que estuam na sua lingua.

Nota.- **Debido ás dificultades que teñen alguns ensinantes en recebir a tempo o noso periódico para a participación da sua escola no concurso, é por iso que a partir desta semana publicaremos por adiantado o tema das duas seman seguintes para que asi todo o mundo participe en igualdade de condicións.**
O tema da semana vindeira é "UN CONTO", e o da seman que vai do 21 o 28 de febreiro, época de entroido, ou carnavales, vai ser "COMO PASO EU O ENTROIDO". Agardamos os vosos traballos.

FEIRAS

DIA 6

Leirós na CORUÑA. Sárria e Monforte en LUGO. Cea en OURENSE. A Cañiza, Silleda e Redondela en PONTEVEDRA.

DIA 7.

Abegondo e San Sadurniño na CORUÑA. Palas de Rei en LUGO. A Rua, Viladevós e a capital en OURENSE. Vilagarcia en PONTEVEDRA.

DIA 8

Arzua, Cabanas e Padrón na CORUÑA. Castro de Ribeiras de Lea en LUGO. O Bolo en OURENSE.

DIA 9

Curtis na CORUÑA. Portomarin, Incio, Lourenzá e Bóveda en LUGO. Vilar de Bárrio, Maside e Entrimo en OURENSE. Guillarei e Covelo en PONTEVEDRA.

DIA 10

Guísamo (Bergondo) na CORUÑA. Páramo, Quiroga e Antas do Ulla, en LUGO. Ribadávia, Taboadela e A Gudiña en OURENSE.

DIA 11

Póvoa do Broullón en LUGO. Verin en OURENSE. Gondomar e Moraña en PONTEVEDRA.

DIA 12

Pontecarreira (Frades) e Teixeiro na CORUÑA. Sober, Beccerreá e na capital en LUGO. Montederramo e Avión en OURENSE. A Golada, Mondariz, Cesures e Sela (Arbo) en PONTEVEDRA.

DIA 13.

Carral na CORUÑA. Bande e Viana en OURENSE. Arcade, Salceda, Tomiño, Campolameiro e Forcarei en PONTEVEDRA.

A NOSA TERRA

VIAXE A SERRA DE QUEIXA

O CASTELO DA CERVEIRA

A orixen do pastoreo na Serra de Queixa, como na totalidade das outras serras galegas, pérdese na noite dos tempos. As lindeiras que demarcan hoxe os termos correspondentes aos distintos rebaños están, polo xeral, sinaladas nos accidentes naturais sobresaíntes do terreo (cúmios, penas, cenzas (1), o cal é de todo punto natural. Pero ademais, aparecen estas marcas nalguns moimentos funerários (mámoas) con toda claridade, o que fai supor unha certa continuidade nas delimitacións desde os tempos preistóricos até hoxe. Exemplo nídio amóstrao a "Mámoa do Sistil", nunha das cumes ao Sur da Cabeza Grande. A marca B, nunha pedra deitada no médio da mamoa, forma parte do sistema de demarcación dos pastos (ollar gráfico).

Pero o testigo máis excepcional de que o pastoreo era xa unha actividade económica de primeiro orden neste entorno, antes da chegada dos civilizadores do Mediterráneo, constitúeo a fortaleza castrexa situada nun ponto estratéxico sobor da xunguidura de varios vales, o principal dos cales é coñecido polo Val da Cerveira.

E unha paraxe gradiosa, pechada por altas montañas (A Penapá, 1757 m; O Seixo, 1727 metros; o Turcibao, 1556) excepto por onde corre, encaixoado, o rio, camiño do lugar de Pradoalvar, cara o Bibei. A altitude vai desde os fúndios da Veiga de Berganzo, por baixo dos 1300 metros, astra os cúmios da Penapá e O Seixo. Todo, nunha paisaxe apreixoada, con cortaduras a pico e cabaxes escarpadas nas que agroman as rochas aviseiradas polas que brincan os reixelos.

As veigas chan —glaciarismo?— teñen prados ós que se lles sega a herba e nos que apasta o gando maior, vacas e bois, durante o verán. Nas cabeceiras dos regueiros, asento de pequenos circos glaciares noutros tempos, existen camposas á veira e por riba das cales estan as malladas que usan os pastores hoxe en dia para viviren, eles e o gando, no verán. Mallada do Lagorzo, da Cerveira, de Berganzo.

No médio desta paisaxe animada polas chocas do gando e os ladridos dos cans, facho impoñente de micaxisto, érguese "O Castelo da Cerveira", a mais de 1.500 m. de altura sobor do nivel do mar. A situación é perfecta para domear as cabaxes que arrodean o conxunto que constitue, aínda hoxe, unha das áreas pastorís de máis valor de toda a serra.

Somente a espaldeira Oeste é accesíbel, resultando fatigosa, quedando as outras para alpinistas. No curuto do facho está a fortaleza, un verdadeiro "oppidum" das montañas. Seguindo e aproveitando a feitura do terreo corre unha muralla que cingue algo mais dos 3/4 da penichán cimeira. Esbandallada en gran parte, e caída, sobor de todo para fóra, ten unha anchura média de un cincuenta metros, e está composta con laxas pizarrosas de mamposteria, notándose perfectamente en todo o seu recorrido.



Ollando ao mediodia —gráfico— atrvésana duas portas de 2,25 m. de anchura. Dentro do recinto aprécianse várias construcions de planta rectangular e alongadas, coma barracóns, alguns con duas e máis portas. Aínda que o largor varia, o ancho adoita andar arredor dos catro metros, muros incluidos, atopándose tamén algunhas adosadas á muralla exterior, perto das portas. A superfície interior do recinto é relativamente chan e dela sobresaen alguns penedos que constituen o cumio da montaña. Mide a fortaleza 130 m. de diametro no sentido Este-Oeste, e algo mais no Norte-Sur.

Todo o conxunto presenta un gran parecido coas construcións actuais (¿) dos curros pastorís. Estarian pois estas casas castrexas tamén cubertas, como aquelas, de laxas, sobor de vigas de madeira, o que explicaria a sua pouca anchura. Ou acaso as malladas e casarellas diseminadas pola serra sexan tan antergas como o castro.

Os pastores contan que ali vivian os mouros e que foron botados do lugar polo apóstol Santiago que para chegar a tan inaccesíbel lugar non puido senón facelo pillando un fantástico pulo co seu cabalo desde a contígua ladeira da Penapá (1). Un increíbel salto de 500-600 m. de longo, e 70-80 m. de desnivel, en sentido descendente.

Hoxe, desabitado, segue a ser non obstante a montaña senlleira e mítica do contorno, da que con incredulidade aparente, pero con admiración, che falan sempres os pastores.

(1) Lenda semellante cóntase referida ao Galiñeiro-Vigo.

XAVIER FDEZ. NOGUEIRA
Da "Sociedade Galega de Xeografia"

RADIO GALICIA SER *¡A RADIO!*

San Pedro de Mezonzo, 3 **Santiago de Compostela**